

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 26 DE OUTUBRO DO 2023.****Sesión 15/2023-P**

<p style="text-align: center;"><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p><u>PRESIDENTE</u> D. Óscar Benito Portela Fernández (SM)</p> <p><u>CONCELLEIROS</u> Grupo Sadamaioría (SM) D^a Rebeca Mouriño Neira D. Marcos Villar López D^a María Pilar Taibo Fernández D. Xosé Fernando Fariña Andrade D^a Patricia Martínez Abruñedo D. Ricardo Berrocal Fariña Grupo Unidos por Sada (UPSA) D^a María Nogareda Marzoa D^a María Soraya Salorio Porral D. Sergio García López D. Breogán Blanco González Grupo Partido Popular de Sada (PP) D^a Esperanza María Arias Ferreiro D. Fernando España López (Chano) D^a María Isabel Val Armesto D. Aurelio Lonja Tajés (Lito) Grupo Mixto (GM) D. Emilio Graña Mosquera («BNG»)</p> <p><u>NON ASISTEN</u> Grupo Mixto (GM) D^a. Almudena Pena Álvarez (con escusa; «PSOE, independente»)</p> <p><u>INTERVENTOR</u> D. Jaime Presas Beneyto</p> <p><u>SECRETARIA</u> D^a María del Carmen Seoane Bouzas</p>	<p>No Salón dos Plenos da Casa do Concello, sendo as 20.00 horas do día xoves 26 de outubro do 2023, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido pola secretaria da Corporación D^a María del Carmen Seoane Bouzas, quen dá fe do acto, reúnen os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria do Pleno prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte</p>
---	--

ORDE DO DÍA:

Abre a sesión o Presidente, dando a benvida a todos e a todas a este Pleno ordinario do mes de outubro do 2023 do concello de Sada.

1º.- APROBACIÓN DAS ACTAS (sesión núm. 14/2023).



Pola Presidencia preguntáse aos membros da Corporación se teñen que formular algunha observación á acta da sesión núm. 14/2023, do 28 de setembro; non habendo intervencións, queda aprobada a dita acta, ordenando a súa transcripción ao Libro de Actas, segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

2º.- CORRECCIÓN DE ERROS NA APROBACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS 2023.

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral do 19 de outubro do 2023, que recolle:

«**Primeiro.**- Modificar a redacción do texto do Plan estratéxico de Subvencións do Concello de Sada para o ano 2023, corrixindo as mencións ao período de duración 2023-2025 para que se recolla unicamente o período aprobado, para o ano 2023.

Segundo.- Publicar o acordo no BOP da Coruña, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Sada, debendo incluír nestes dous últimos o PES refundido coas modificacións, co texto completo que se incorpora no anexo I a este acordo.

ANEXO I:

ÍNDICE

1. CONSIDERACIÓNS XERAIS	2
Preámbulo	2
Contexto normativo	2
2. NATUREZA XURÍDICA E OBXECTO DO PLAN	3
3. CONTIDO DO PLAN	4
4. COMPETENCIA PARA A SÚA APROBACIÓN	5
5. ÁMBITO SUBXECTIVO	5
6. ÁMBITO TEMPORAL, VIXENCIA E ACTUALIZACIÓN	5
7. ASPECTOS ESTRATÉXICOS DO PLAN	6
Misión	6
Obxectivos estratéxicos ou xerais	6
Principios xerais	7
8. LIÑAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN	7
9. BENEFICIARIOS E PROCEDEMENTOS DE CONCESIÓN	8
Beneficiarios	8
Procedementos de concesión	8
10. EFECTOS, PRAZOS PARA A SÚA CONSECUCIÓN, CUSTOS PREVISIBLES E FINANCIAMENTO	9
Efectos	9
Prazos de execución	9
Custos previsibles	9
Financiamento	10
11. CONTROL E SEGUIMENTO	10
12. TRANSPARENCIA DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS	11
ANEXO AO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS PERÍODO 2023	12

1. CONSIDERACIÓNS XERAIS

Preámbulo

Segundo a Exposición de Motivos da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, unha parte importante da actividade financeira do sector público canalízase a través de subvencións, co obxecto de dar resposta, con medidas de apoio financeiro, a demandas sociais e económicas de persoas e entidades públicas ou privadas.

Desde a perspectiva económica, as subvencións son unha modalidade importante de gasto público e, por tanto, deben axustarse ás directrices da política orzamentaria, actualmente orientada polos criterios de estabilidade orzamentaria, sustentabilidade financeira e crecemento económico.

Desde esta perspectiva a Lei Xeral de Subvencións supón un paso máis no proceso de racionalización do noso sistema económico



incardinándose no conxunto de medidas e reformas que se viñeron instrumentando con esta finalidade.

Un dos principios que rexen esta lei, recollido tamén na normativa de estabilidade orzamentaria, é o de transparencia. Con este obxecto, as Administracións deberán facer públicas as subvencións que concedan, e, á vez, a lei establece a obriga de formar unha base de datos de ámbito nacional que conteña información relevante sobre todas as subvencións concedidas.

Esta maior transparencia redunda de forma directa nun incremento dos niveis de eficiencia e eficacia na xestión do gasto público subvencional.

Nesta liña de mellora da eficacia, a Lei 38/2003 establece, como elemento de xestión e instrumento da devandita mellora, a necesidade de elaborar en cada Administración Pública un Plan Estratéxico de Subvencións, que permita relacionar os obxectivos a alcanzar e os efectos que se pretenden conseguir, cos custos previstos e o seu financiamento, a fin de adecuar as necesidades públicas a cubrir mediante as subvencións, cos recursos dispoñibles, e todo iso con carácter previo á concesión.

Ademais, a lei expón un sistema de seguimento a través do control e avaliación de obxectivos, que debe permitir que aquelas liñas de subvencións que non alcancen o nivel de consecución de obxectivos desexado ou que resulte adecuado ao nivel de recursos investidos, poidan ser modificadas ou substituídas por outras máis eficaces e eficientes, ou, no seu caso, eliminadas.

Desde a perspectiva administrativa, as subvencións son unha técnica de fomento de determinados comportamentos considerados de interese xeral e mesmo un procedemento de colaboración entre a Administración pública e os particulares para a xestión de actividades de interese público.

Existe unha gran diversidade de subvencións de distinta natureza, que se conceden mediante procedementos complexos, e, por tanto, deben ser obxecto dun seguimento e control eficaces.

Configúrase así o plan estratéxico como o complemento necesario para articular a concesión de subvencións, con respecto aos principios de transparencia e equilibrio orzamentario.

Contexto normativo.

A xustificación da realización do Plan Estratéxico de Subvencións ten o seu fundamento no disposto, con carácter xeral, na exposición de motivos da Lei 38/2003, de 17 de novembro de Subvencións, en diante LXS, e de forma específica no mandato establecido no artigo 8 da citada norma, nos artigos 10 e seguintes do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en diante RXS.

A lei 38/2003 introduce, como elemento de xestión e instrumento para a mellora da eficacia nas actuacións das Administracións Públicas, a necesidade de elaborar, en cada administración, un Plan Estratéxico de Subvencións, que permita relacionar os obxectivos a alcanzar e os efectos que se pretenden conseguir, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previstos e o seu financiamento, con obxecto de adecuar as necesidades públicas a cubrir mediante as subvencións cos recursos dispoñibles e todo iso con carácter previo á concesión.

A lei 38/2003 de 17 de novembro, Lei Xeral de Subvencións, recolle no seu artigo 8.1, «Os órganos das Administracións públicas ou calquera entes que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria». O citado artigo 8 LXS foi desenvolto polos artigos 10 a 15 do Regulamento da LXS, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, establecendo cales deben ser os principios reitores, o ámbito e o contido dos PES, así como a competencia para a súa aprobación e o seguimento que debe realizarse do mesmo.

Segundo o artigo 11 do citado Regulamento Xeral da LXS, os plans estratéxicos deberán axustarse, en todo caso, ás restricións que en orde ao cumprimento dos obxectivos de política económica e de estabilidade orzamentaria determinense para cada exercicio. Conterán previsións para un período de vixencia de tres anos, salvo que pola especial natureza do sector afectado, sexa conveniente establecer un plan estratéxico de duración diferente. Así mesmo, e en todo caso, por virtude da potestade regulamentaria atribuída ás entidades locais polo art. 4 da Lei 7/1985 LBRL o marco normativo xeneral completéntase coas seguintes normas ou instrumentos propios:

- *As Normas Municipais de Execución Orzamentaria que resulten aprobadas para cada exercicio xunto á tramitación dos Orzamentos.*

De conformidade co anterior, o Plan estratéxico de subvencións deberá confeccionarse con carácter previo a calquera proposta de outorgamento de subvencións e as propostas que se expoñan deberán estar recollidas no citado Plan.

O presente Plan estratéxico foi elaborado coa participación de todas as Áreas Municipais, responsables da xestión de subvencións no Concello de Sada.



2. NATUREZA XURÍDICA E OBXECTO DO PLAN.

O Plan estratéxico de subvencións é un instrumento no que conflúen, dunha parte, a materialización dos principios xerais e inspiradores que regularán a concesión das subvencións, así como a súa xustificación; e por outra, o establecemento das medidas de control das subvencións en curso que permitan, unha vez concedidas, o perfeccionamento das que se concedan no futuro mediante a corrección das desviacións observadas.

Do expresado e da regulación do Plan estratéxico de subvencións dedúcese que a súa finalidade é conseguir a máxima eficacia cos recursos dispoñibles respectando, para iso, as limitacións derivadas do principio de estabilidade orzamentaria.

Ademais, a natureza do Plan estratéxico de subvencións como instrumento de xestión de carácter programático e sen rango normativo, supón que carece de incidencia directa na esfera de potenciais beneficiarios de subvencións, non creando dereitos nin obrigas para estes. A súa efectividade quedará condicionada á execución das diferentes liñas de subvención, atendendo, entre outros condicionantes, ás dispoñibilidades orzamentarias de cada exercicio.

Polo tanto, o establecemento efectivo das subvencións previstas neste plan requirirá a inclusión das consignacións correspondentes nos orzamentos municipais e a aprobación das bases reguladoras da súa concesión ou o documento procedente.

Ademais, o Plan estratéxico de subvencións deberá de ser un instrumento que sirva para racionalizar o exercicio da acción de fomento, de tal maneira que se poida seguir mantendo esa acción á vez que se rendibilicen os recursos mediante criterios de eficacia, que polas circunstancias concorrentes poden verse limitados.

Configurado o Plan estratéxico de subvencións como un instrumento eficaz de xestión pública para a distribución racional dos recursos económicos para a realización das políticas públicas e consecución dos obxectivos que ten encomendados o Concello de Sada a través das distintas Áreas que o integran, unha das principais utilidades que persegue é a sistematización das distintas liñas de subvencións previstas nos orzamentos, contribuíndo desta forma a unha avaliación futura da actual política de subvencións a través dos informes de avaliación e seguimento do plan.

3. CONTIDO DO PLAN.

O seu contido deberá axustarse ao previsto no artigo 12 do citado Regulamento que, igualmente, prevé a súa avaliación e seguimento. Neste sentido o citado artigo establece canto segue:

“1. Os plans estratéxicos terán o seguinte contido:

a) Obxectivos estratéxicos, que describen o efecto e impacto que se espera lograr coa acción institucional durante o período de vixencia do plan e que deberán estar vinculados cos obxectivos establecidos nos correspondentes programas orzamentarios. Cando os obxectivos estratéxicos afecten o mercado, deberánse identificar ademais os fallos que se aspira a corrixir, cos efectos previstos no apartado 2 do artigo 8 da Lei Xeral de Subvencións.

b) Liñas de subvención nas que se concreta o plan de actuación. Para cada liña de subvención deberán detallarse os seguintes aspectos:

1. Áreas de competencia afectadas e sectores cara aos que se dirixen as axudas.

2. Obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación.

3. Prazo necesario para a súa consecución.

4. Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento, onde se detallarán as achegas das distintas Administracións Públicas, da Unión Europea e doutros órganos públicos ou privados que participen nestas accións de fomento, así como aquelas que, tendo en conta o principio de complementariedade, correspondan aos beneficiarios das subvencións.

5. Plan de acción, no que concretarán os mecanismos para pór en práctica as liñas de subvencións identificadas no Plan, delimitaranse as liñas básicas que deben conter as bases reguladoras das Subvencións, o calendario de elaboración e, no seu caso, os criterios de coordinación entre as distintas Administracións Públicas para a súa xestión.

c) Réxime de seguimento e avaliación continua aplicable ás diferentes liñas de subvencións que se establezan. A estes efectos, débense determinar para cada liña de subvención, un conxunto de indicadores relacionados cos obxectivos do Plan, que recollidos periodicamente polos responsables do seu seguimento, permitan coñecer o estado da situación e os progresos conseguidos no cumprimento dos respectivos obxectivos.

d) Resultados da avaliación dos plans estratéxicos anteriores nos que se trasladará o contido dos informes emitidos.

2. O contido do plan estratéxico poderá reducirse á elaboración dunha memoria explicativa dos obxectivos, os custos de realización e as súas fontes de financiamento nos casos de subvencións que se concedan de forma directa, de acordo co establecido no artigo 22.2 da Lei



Xeral de Subvencións.

3. Os plans estratéxicos de subvencións teñen carácter programático e o seu contido non crea dereitos nin obrigas; a súa efectividade quedará condicionada á posta en práctica das diferentes liñas de subvención, atendendo entre outros condicionantes ás disponibilidades orzamentarias de cada exercicio”.

O Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Sada para o período 2023 recóllese no Anexo denominado “Anexo ao Plan Estratéxico de Subvencións Período 2023” no que se especifica:

- Obxectivos estratéxicos.
- Áreas de competencia afectadas.
- Obxecto e efectos que se pretenden coa súa aplicación.
- Ámbito temporal / Prazo necesario para a súa consecución.
- Custos Previsibles e fontes de financiamento.
- Plan de acción.
- Réxime de Seguimento e Avaliación.
- Réxime / Modalidade de concesión.
- Beneficiarios / Destinatarios.
- Aplicación orzamentaria na que se prevé a consignación do crédito correspondente.

4. COMPETENCIA PARA A SÚA APROBACIÓN.

O órgano competente para a aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións non está establecido na normativa, pero tendo en conta que as bases de subvención e de execución do orzamento corresponden ao Pleno e a convocatoria de subvencións ao Alcalde, así como que é o primeiro establecido en Sada e que a previsión de aplicación é plurianual, sométese a aprobación inicial ao Pleno. As modificacións puntuais que abranguen unha anualidade que vaian xurdindo nos tres anos de vixencia aprobaranse polo Alcalde e posteriormente dará conta ao Pleno.

Unha vez aprobado será publicado no portal de transparencia a web municipal para o seu coñecemento, así como no Boletín Oficial da Coruña.

5. ÁMBITO SUBXECTIVO.

O presente Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Sada, inclúe todas as subvencións concedidas directamente polo Concello da través das distintas áreas municipais.

De conformidade co establecido no artigo 2.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, non están incluídas no ámbito do presente plan por non ter consideración de subvencións, as achegas económicas que o Concello de Sada efectúa a outras administracións públicas para financiar globalmente a actividade ou programas da administración á que vaian dirixidas, ou entidades ás que pertence o propio Concello, que actualmente son as achegas a programas xantar na casa (plan autonómico), centro de día (plan autonómico), escola infantil Galiña Azul (plan autonómico), transporte metropolitano (plan autonómico), subvencións grupos municipais, Consorcio As Mariñas, Asociación Mariñas-Betanzos.

6. ÁMBITO TEMPORAL, VIXENCIA E ACTUALIZACIÓN.

O presente Plan terá unha vixencia de tres anualidades, abarcando así o período 2023, sen prexuízo de que algunhas das liñas de subvención puidesen ter unha vixencia inferior ou se vaian incorporando outras.

Non obstante o anterior, anualmente, á vista dos informes de seguimento e tendo en conta as disponibilidades orzamentarias poderán modificarse, substituírse por outras ou eliminarse liñas de subvencións.

Dentro de cada unha das liñas poderá actualizarse ou modificarse calquera aspecto do seu contido, ben polos resultados nos informes de seguimento en canto á consecución dos obxectivos ou a adecuación dos recursos investidos, ben por outros motivos debidamente xustificadas.

Doutra banda, con ocasión das modificacións orzamentarias que pretendesen introducir algunha das liñas de subvención non previstas no presente PES, debería previa ou simultaneamente modificarse este. Non será necesaria a modificación do PES nos supostos de modificación de liñas de subvención existentes cando a modificación consista na variación do importe asignado a unha subvención da liña, sempre que o resto dos compoñentes da mesma permanezan sen cambios, feito este que deberá quedar acreditado no expediente, por parte de Área xestora correspondente.



7. ASPECTOS ESTRATÉXICOS DO PLAN.

Misión.

Representa a razón de ser do conxunto da actividade de fomento do Concello:

"Impulsar, promover e potenciar a participación da sociedade civil estruturada do noso municipio nos distintos ámbitos de xestión municipal de interese concorrente, así como promover a inclusión social das persoas mediante axudas económicas a quen se atopan en determinadas situacións de vulnerabilidade social en defensa do principio de igualdade de oportunidades".

Obxectivos estratéxicos e xerais.

Enténdese por subvención, a efectos deste plan, toda disposición económica realizada polo Concello, a favor de persoas públicas ou privadas ou entes sen personalidade xurídica e que cumpran cos seguintes requisitos:

- a) Que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios.
- b) Que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, ou a concorrencia dunha situación, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceron.
- c) Que o proxecto, a acción, conduta ou situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

En canto aos obxectivos prioritarios atópanse:

- O fomento de todo tipo de actividades de utilidade pública ou interese social, ou de promoción dunha finalidade pública, sempre sen ánimo de lucro, colaborando no desenvolvemento e fomento de actividades de escaso rendemento económico.
- Potenciar a creación de redes asociativas e de participación dos cidadáns na actuación municipal.

Son obxectivos xerais do presente Plan Estratéxico e das diferentes liñas de axudas e subvencións do Concello de Sada para o período 2023 os seguintes:

- Dar cumprimento ao mandato legal recollido no artigo 8.1 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, que obriga aos concellos que previamente á concesión de subvencións, procédase a aprobar o seu correspondente plan estratéxico.
- Establecer e normalizar, para o conxunto das moi diversas e diferentes liñas e programas de axuda e subvencións das diferentes áreas do concello, un conxunto de principios e bases de execución comúns ás mesmas.
- Mellorar e racionalizar a xestión municipal das subvencións coa valoración dos aspectos de transversalidade, eficacia e eficiencia na xestión das diferentes liñas de axudas.
- Regular, con carácter xeral, do réxime a que ha de axustarse a concesión e xustificación das subvencións a tramitar polo concello.

Principios xerais.

A regulación xurídica en materia de subvencións, así como das administracións públicas, establece uns principios xerais de actuación, que son elementos fundamentais do Plan Estratéxico e que deben rexer a xestión municipal en materia de subvencións. Estes son:

Principio de publicidade: este principio materialízase na convocatoria previa na que se garanta a publicidade da convocatoria e na publicidade das subvencións concedidas, iso sen prexuízo da posible concesión directa, de conformidade co establecido respecto diso na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, nas Bases de Execución do orzamento do Concello e demais normativa de aplicación.

Principio de libre concorrencia: este principio materialízase na determinación dos requisitos que deben cumprir as beneficiarias, non restrinxindo o acceso a quen se atopan en igualdade de condicións, de tal maneira que se garanta a concorrencia e igualdade na distribución de fondos públicos, iso sen prexuízo da posible concesión directa que, de conformidade co establecido na norma aplicable, deberá contar, con carácter previo, coas debidas dispoñibilidades orzamentarias.

Principio de obxectividade: a concesión de subvencións realizarase conforme a criterios obxectivos, previamente establecidos na convocatoria a fin de garantir o coñecemento previo dos mesmos polos potenciais beneficiarios.

Principios de transparencia e igualdade e non discriminación na asignación dos recursos públicos: este principio materialízase na observancia dos principios de concorrencia, obxectividade e publicidade, sen prexuízo da aplicación dos supostos legais de concesión directa.



Principios de eficacia e eficiencia: *eficacia no cumprimento dos obxectivos marcados co establecemento dun procedemento de seguimento e control das subvencións concedidas e eficiencia na asignación de recursos públicos, coa valoración das subvencións e a asignación aos proxectos máis eficientes, debéndose xustificar cuantitativa e cualitativamente as subvencións percibidas.*

Principio de adecuación á estabilidade orzamentaria e de regra de gasto: *a concesión de subvencións axustarase ao principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e á regra de gasto, nos termos previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.*

Principio de control e análise da adecuación dos fins das entidades solicitantes aos principios de igualdade e non discriminación no exercicio das actividades subvencionadas.

8. LIÑAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN.

As liñas estratéxicas de actuación recollidas no presente plan estratéxico son as que a continuación se detallan sintetizadas por áreas. Recóllense cun maior detalle no anexo correspondente.

- Liña Estratéxica 1: Promoción económica.
- Liña Estratéxica 2: Acción social.
- Liña Estratéxica 3: Cultura, lecer e actividades festivas.
- Liña Estratéxica 4: Promoción do deporte.
- Liña Estratéxica 5: Educación.
- Liña estratéxica 6: Cooperación ao desenvolvemento, igualdade e participación social.

9. BENEFICIARIAS E PROCEDEMENTOS DE CONCESIÓN.

Beneficiarias.

Terá a consideración de beneficiaria de subvencións a persoa ou entidade que realice a actividade que fundamentou o seu outorgamento ou que se atope na situación que lexítima a súa concesión.

Procedementos de concesión.

O Concello de Sada, concederá subvencións, nos termos da normativa vixente en materia de subvencións, con carácter xeral mediante convocatoria pública en réxime de concorrencia competitiva, ou a través de concesión directa, a favor de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, comunidade de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poida levar a cabo os proxectos ou actividades ou comportamento que se atopen na situación que motiva a subvención.

Para que unha actividade poida ser obxecto de subvención ou axuda con cargo aos orzamentos xerais do concello, deberá perseguir algún dos seguintes fins:

- Complementar, colaborar, servir, propiciar ou suplir fins de competencia municipal.
- Fomentar unha actividade de interese social.
- Fomentar asociacións cuxo obxecto sexa a defensa dos intereses xerais ou sectoriais da veciñanza.
- Colaborar a prol da integración social, mediante axudas económicas, a aqueles cidadáns que se atopen en determinadas situacións de vulnerabilidade social en defensa do principio de igualdade de oportunidades.

Aos efectos da súa concesión establécense os seguintes tipos de procedementos na concesión de subvencións:

- Subvencións concedidas en réxime de concorrencia competitiva.
- Subvencións nominativas previstas no orzamento.
- Subvencións concedidas de forma directa por razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.
- Subvencións cuxo outorgamento ou contía sexan impostas ao Concello de Sada por unha norma de rango legal. Nestes casos atenderase ao procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.



10. EFECTOS, PRAZOS PARA A SÚA CONSECUCIÓN, CUSTOS PREVISIBLES E FINANCIAMENTO.

Efectos.

O plan estratéxico pretende desenvolver ou canalizar unha serie de actividades que permitan dar aos diferentes sectores sociais do municipio a posibilidade de desenvolver proxectos que lles conduzan á satisfacción de necesidades de todo tipo, tanto sociais, profesionais, como de lecer. Por iso, a actividade de subvención pretende:

- Fomentar a realización de actividades de interese xeral, así como a colaboración entre esta entidade local e as persoas particulares para a xestión de actividades de interese público.
- Impulsar, promover e potenciar a participación da sociedade civil do noso municipio nos distintos ámbitos de xestión municipal de interese concorrente, así como promover a inclusión social das persoas mediante axudas económicas a quen se atopen en determinadas situacións de vulnerabilidade social, en defensa do principio de igualdade de oportunidades.

A aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións non supón a xeración de dereito algún a favor das potenciais beneficiarias, que non poderán esixir indemnización ou compensación algunha no caso de que o plan non se leve á práctica nos seus propios termos.

Así mesmo, deberanse ter en conta accións tendentes ao fomento de calquera actividade de interese xeral, para o que se poderán canalizar fondos que cada ano se asignen no orzamento municipal con destino a estas subvencións.

Prazos de execución.

Con carácter xeral, as subvencións municipais terán un prazo de execución anual, sendo o período elixible a efectos de xustificación o ano natural.

Naqueles supostos nos que as circunstancias fagan conveniente a fixación dun prazo de execución superior ao anual, ou a modificación do período lexible, deberanse recoller nas correspondentes bases das subvencións, nese caso, deberán seguir cumprimentando anualmente os requisitos que establece a lexislación vixente.

Custos previsibles.

O establecemento efectivo das subvencións previstas neste plan estratéxico requirirá a inclusión dos créditos correspondentes no orzamento municipal de cada ano e a aprobación, no seu caso, das bases que rexan a convocatoria de subvencións en caso de concorrencia competitiva, ou, en casos específicos, das ordenanzas que conteñan as bases reguladoras da súa concesión, ou o acordo que aprobe a concesión directa.

Toda concesión de subvención queda supeditada ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria, sustentabilidade financeira e da regra de gasto.

Os custos en cada caso limítanse á cantidade que anualmente se fixe no orzamento xeral do Concello de Sada.

Non poderán outorgarse subvencións por contía superior á que se determine. En todo caso, os créditos teñen carácter limitativo e vinculante, polo que non poderán adquirirse compromisos de gasto superiores ao seu importe.

Financiamento.

As subvencións a que fai referencia este plan estratéxico fináncianse con cargo aos créditos correspondentes do orzamento municipal, consignados nas aplicacións orzamentarias que se especifican no mesmo.

11. CONTROL E SEGUIMENTO.

Control do Plan Estratéxico.

O control e seguimento do presente plan estratéxico de subvencións do Concello de Sada realizarase de forma anual, en dous aspectos:

1. Control económico - financeiro das subvencións concedidas, que está encomendado á Intervención do Concello de Sada, que se realizará nas condicións recollidas na lexislación vixente e cos procedementos que se determinen por parte da intervención xeral.
2. Control e seguimento do plan. Este plan estratéxico debe ser revisado ao obxecto de:
 - Modificar ou actualizar as liñas de subvención que puidesen perder a súa vixencia, ou que non sexan eficaces para o cumprimento dos obxectivos.
 - Actualizar os importes daquelas que se manteñan.



- Incluir novas liñas de actuación que se consideren necesarias para a consecución dos obxectivos previamente establecidos.

Este seguimento realizarase anualmente pola área municipal ao que se encomende o seguimento do Plan, para o que cada Área procederá a remitir nos prazos establecidos en cada subvención unha memoria xustificativa coas seguintes especificacións:

- Información de cada liña e tipo de subvención, que recollerán as subvencións concedidas, xustificadas, as renunciadas e as reintegradas (ou en procedemento de reintegro).
- O grao de cumprimento dos seus obxectivos específicos, do seu prazo de consecución. A tales efectos, para cada liña de subvención deberanse determinar os indicadores de cumprimento dos seus obxectivos.
- Repercusións orzamentarias e financeiras que se derivan da aplicación do plan.
- Conclusións ou valoración global.
- Suxestións para a elaboración do seguinte plan estratéxico de subvencións.

Do conxunto das memorias darase conta a Pleno.

Seguimento do Plan Estratéxico: Indicadores de cumprimento de obxectivos.

Os indicadores establecidos para cada unha das liñas contrastaranse cos indicadores obtidos no exercicio anterior, entendendo cumprido o obxectivo cando a variación daquel non supere o 10% (-10%).

Valorarase a modificación ou supresión daquelas liñas de subvención cuxo resultado medio do tres últimos exercicios superen o 10%, debendo ser motivado no seu caso, o mantemento das mesmas.

12. TRANSPARENCIA DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS

En aras a dar cumprimento ao principio de transparencia todas as subvencións concedidas polo concello, en cada unha das súas liñas estratéxicas, programas de axuda e convocatorias serán publicadas anualmente na web municipal, no portal de transparencia, así como na Base Nacional de Subvencións de conformidade co establecido no artigo 20 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, con indicación da entidade receptora, contía da mesma e proxecto ou acción á que vai destinada. A tales efectos, determinarase a área responsable da remisión da devandita información e o procedemento para levalo a cabo.

Documento asinado dixitalmente polo Alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, na data da sinatura dixital.

ANEXO AO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS PERÍODO 2023.

LIÑA ESTRATÉXICA 1: PROMOCIÓN ECONÓMICA

Obxectivos estratéxicos	Apoiar o desenvolvemento económico e social de Sada mediante a promoción comercial, empresarial e turística.
Obxectivos específicos	1. Apoio aos autónomos e pemes. 2. Impulsar actividades que favorezan a dinamización económica. 3. Mellora e recuperación do sector empresarial e protección do emprego tralo Covid-19.
Liñas de subvención nas que se concreta o plan de actuación	Non hai disposta ningunha previsión orzamentaria para liñas de subvención nesta área polo momento



LIÑA ESTRATÉXICA 2: ACCIÓN SOCIAL

Obxectivos estratéxicos	Favorecer a autonomía, a protección e a inclusión de persoas e colectivos en situación de dependencia, vulnerabilidade ou risco de desprotección e de exclusión social.
Obxectivos específicos	<ol style="list-style-type: none"> Promover a autonomía e atención das persoas en situación ou risco de dependencia co fin de evitar situación de illamento e soidade favorecendo a permanencia deste colectivo no seu entorno habitual. Promover a integración social de persoas e colectivos máis desfavorecidos e fomentar o debate na sociedade sobre a realidade das persoas que viven en risco de exclusión social.
Liñas de subvención nas que se concreta o plan de actuación	<p>LS 2.1 Axudas emerxencia social.</p> <p>LS 2.2 Apoio a programas que promovan a autonomía da persoa.</p>

LS 2.1 Axudas emerxencia social.

Áreas de competencia afectadas	SERVIZOS SOCIAIS
Sectores aos que se dirixen as axudas	Persoas e colectivos en situación de dependencia, vulnerabilidade ou risco de desprotección e de exclusión social.
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	Promover la autonomía e atención de persoas en risco de exclusión social favorecendo a permanencia deste colectivo no seu entorno habitual.
Efectos que se pretenden coa súa aplicación	
Prazo necesario para a súa consecución	Indeterminado
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento	Orzamento 2022 prorrogado. Previsión: 2023. Partida orzamentaria 2310.48001, 60.000€
Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención identificadas no plan	Réxime de concesión directa. As solicitudes presentaranse conforme ao regulamento. Presentadas as solicitudes en forma, previo informe dos servizos sociais, resolverase sobre a concesión das axudas por Resolución de Alcaldía. A xustificación da actuación subvencionable presentarase despois e adoptará a forma de conta xustificativa coa documentación que se esixa nas bases
Réxime de seguimento e avaliación	<ul style="list-style-type: none"> % de beneficiarios que se reinsertaron seguindo algún plan proposto por servizos sociais. % de beneficiarios que se melloraron a súa situación por outros medios diferentes á subvención seguindo algún plan proposto por servizos sociais. Nº de solicitudes tramitadas. % de solicitudes denegadas.
Resultados da avaliación	No prazo dun mes dende o remate da anualidade. Darase conta ao Pleno.

LS 2.2 Apoio a programas que promovan a autonomía das persoas.

Áreas de competencia afectadas	SERVIZOS SOCIAIS
Sectores aos que se dirixen as axudas	Entidades sen ánimo de lucro que directa ou indirectamente desenvolvan accións ou programas dirixidos a persoas en risco ou situación de dependencia.
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	<ol style="list-style-type: none"> Promover a colaboración. Promover a autonomía e atención de persoas en risco de dependencia co fin de evitar situación de illamento, favorecendo a permanencia deste colectivo no seu entorno habitual.
Efectos que se pretenden coa súa aplicación	Contribución á mellora da calidade de vida de aquelas persoas en situación de risco de dependencia facilitando a súa socialización no seu entorno habitual
Prazo necesario para a súa consecución	Indeterminado



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2023/G010/000015

Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento	Orzamento 2022 prorrogado. Previsión: 2023. Partidas orzamentarias: 2310.48000 Aspace, traslados usuarios empadroados en Sada, 6.000€ Aspace patronato, actividades da Fundación, 1.200€ Cáritas, bolsa de alimentos, 3.000€ Cruz Vermella, financiamento de actividades e gastos de funcionamento, 3.000€.
Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención identificadas no plan	Subvencións nominativas. Aprobado o orzamento municipal e as subvencións nominativas correspondentes elaborárase un convenio para fixar as condicións de realización e requisitos a cumprir pola entidade beneficiaria para o abono da axuda prevista. Aprobado e asinado por ambas partes procederase ao abono na forma fixada no convenio. Unha vez executado o programa xustificárase a subvención na forma prevista.
Réxime de seguimento e avaliación	- % de beneficiarios por axuda. - % de beneficiarios que se melloraron a súa situación persoal con respecto ao ano anterior.
Resultados da avaliación	No prazo dun mes dende o remate da anualidade. Darase conta ao Pleno.

LIÑA ESTRATÉXICA 3: CULTURA, LECER E ACTIVIDADES FESTIVAS

Obxectivos estratéxicos	Apoiar, difundir e promover a tradición e cultura galega e sadense a través do fomento de actividades que aportan un maior valor cultural ao municipio.
Obxectivos específicos	Apoiar actividades socioculturais que favorezan o desenvolvemento comunitario e a interculturalidade. Fomentar a programación anual de entidades que desenvolvan ao longo do ano actividades no sector das artes escénicas ou a celebración de festivais. Apoiar a participación cidadá na celebración de festas populares e mantemento das tradicións de Sada e as súas parroquias. Apoiar a realización de investimentos relacionados coa organización das actividades sinaladas nos anteriores puntos.
Liñas de subvención nas que se concreta o plan de actuación	LS 3.1 Subvencións dirixidas ás entidades sen ánimo de lucro do Concello de Sada para a organización de actividades culturais. LS 3.2 Subvencións dirixidas ás entidades do Concello de Sada para a organización de festas patronais parroquiais. LS 3.3 Subvencións dirixidas ás entidades sen ánimo de lucro do Concello de Sada para realizar investimentos culturais. LS 3.4. Subvención nominativa a favor da Federación pola Cultura Marítima e Fluvial de Galicia (Culturmar) para organizar o XVI Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia en Sada no ano 2023

LS 3.1. Subvencións dirixidas ás entidades sen ánimo de lucro do Concello de Sada para organización de actividades culturais	
de competencia afectadas	CULTURA, FESTAS
Sectores aos que se dirixen as axudas	Entidades sen ánimo de lucro
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	1. Organizar actividades de promoción da cultura. 2. Fomentar a participación cidadá na cultura e na súa difusión. 3. Conservar as tradicións culturais nas disciplinas de música, danza, canto, memoria colectiva, etc. 4. Creación de eventos e espazos para a convivencia lúdica e cultural. 5. Colaboración entre administracións.
Efectos que se pretenden coa súa aplicación	Desenvolvemento cultural
Prazo necesario para a súa consecución	Indeterminado
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento	Orzamento 2022 prorrogado. Previsión 2023 partida orzamentaria 3340.48000, 20.000€



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2023/G010/000015

Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención identificadas no plan.	Réxime de concorrencia. Procédese á aprobación das bases da convocatoria polo Pleno e á súa convocatoria polo Alcalde. Presentadas as solicitudes en forma resolverase sobre a concesión das axudas por Resolución de Alcaldía. A xustificación da actuación subvencionable presentarase segundo o establecido nas bases e adoptará a forma de conta xustificativa coa documentación que se esixa nas mesmas.
Réxime de seguimento e avaliación	<ul style="list-style-type: none"> Nº de entidades beneficiarias Nº de participantes por cada actividade. Nº de accións de difusión realizadas. % de incremento de accións de difusión realizadas respecto ao ano anterior. % de incremento de participantes por acción respecto ao ano anterior.
Resultados da avaliación	No prazo dun mes dende o remate do prazo de xustificación. Darase conta ao Pleno.

LS 3.2. Subvencións dirixidas ás entidades do Concello de Sada para organización de festas patronais parroquiais	
Áreas de competencia afectadas	CULTURA, FESTAS
Sectores aos que se dirixen as axudas	Entidades do Concello de Sada organizadoras de festas patronais parroquiais
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	<ol style="list-style-type: none"> Organizar celebracións e festexos da festividade patronal de cada parroquia. Fomentar a colaboración cidadá coa posta en marcha de proxectos do interese da parroquia. Conservar as tradicións culturais a través dos festexos populares e da memoria colectiva. Creación de eventos e espazos para a convivencia lúdica e cultural. Colaboración entre administracións.
Efectos que se pretenden coa súa aplicación	Desenvolvemento de festexos populares
Prazo necesario para a súa consecución	Indeterminado
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento	Orzamento 2022 prorrogado. Previsión 2023, partida orzamentaria 338.48000, 15.000 euros
Plan de acción	Réxime de concorrencia. Procédese á aprobación das bases da convocatoria polo Pleno e á súa convocatoria polo Alcalde. Presentadas as solicitudes en forma resolverase sobre a concesión das axudas por Resolución de Alcaldía. A xustificación da actuación subvencionable presentarase segundo o establecido nas bases e adoptará a forma de conta xustificativa coa documentación que se esixa nas mesmas.
Réxime de seguimento e avaliación	<ul style="list-style-type: none"> Nº de entidades beneficiarias Nº de participantes por cada evento. Nº de eventos realizados. % de incremento de eventos realizados con respecto ao ano anterior. % de incremento de participantes por evento respecto ao ano anterior.
Resultados da avaliación	No prazo dun mes dende o remate do prazo de xustificación. Darase conta ao Pleno.

LS 3.3. Subvencións dirixidas ás entidades sen ánimo de lucro do Concello de Sada para realizar investimentos culturais		IMPORTE
Áreas de competencia afectadas	CULTURA, FESTAS	10.000 euros
Sectores aos que se dirixen as axudas	Entidades sen ánimo de lucro	
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	<ol style="list-style-type: none"> Apoiar e promover a acción cultural do tecido asociativo municipal axudando a que acaden os obxectivos propios dos seus estatutos. Ampliar e mellorar os equipamentos culturais no ámbito municipal ao servizo da promoción cultural. Fortalecer a capacidade de actuación do tecido asociativo cultural municipal, a través da mellora da súa dotación de equipamento 	



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2023/G010/000015

	<p>propio para desenvolver proxectos culturais.</p> <p>4. Dotar ás entidades sen ánimo de lucro do eido cultural municipal de equipamentos e bens que sexan directamente necesarios para a realización de actividades culturais.</p> <p>5. Fomentar a participación da cidadanía na vida cultural.</p>	
Efectos que se pretenden coa súa aplicación	Desenvolvemento cultural	
Prazo necesario para a súa consecución	Indeterminado	
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento	Orzamento 2022 prorrogado. Previsión 2023, partida orzamentaria 3340.780000, 10.000 euros	
Plan de acción	Réxime de concorrencia. Procédese á aprobación das bases da convocatoria polo Pleno e á súa convocatoria polo Alcalde. Presentadas as solicitudes en forma resolverase sobre a concesión das axudas por Resolución de Alcaldía. A xustificación da actuación subvencionable presentarase segundo o establecido nas bases e adoptará a forma de conta xustificativa coa documentación que se esixa nas mesmas.	
Réxime de seguimento e avaliación	<ul style="list-style-type: none"> - Núm. de solicitudes recibidas e núm. de entidades beneficiarias. - Núm. de actuacións subvencionadas para a adquisición de bens ou para melloras en instalacións, realizadas polas entidades beneficiarias, así como características dos mesmos. - Repercusión secundaria: % de aumento sobre o número de actividades culturais organizadas polas entidades beneficiarias. - % de redución do gasto externo das entidades culturais en contratacións de equipamentos necesarios para a organización de actividades culturais. - Importe final en relación co orzamento previsto. - Importe medio da achega pública e importe medio do investimento das beneficiarias. 	
Resultados da avaliación	No prazo dun mes dende o remate do prazo de xustificación. Darase conta ao Pleno.	

LS 3.4. Subvención nominativa a favor da Federación pola Cultura Marítima e Fluvial de Galicia (Culturmar) para organizar o XVI Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia en Sada no ano 2023	
Áreas de competencia afectadas	CULTURA
Sectores aos que se dirixen as axudas	Entidades culturais
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	<ol style="list-style-type: none"> 1. Achegar o patrimonio marítimo ao gran público. 2. Implicar á poboación e ao asociacionismo en particular a prol da conservación e salvagarda do patrimonio marítimo de Galicia. 3. Organizar actividades de integración social, convivencia, divulgación cultural e de turismo sostible arredor da cultura marítima e fluvial galegas. 4. Divulgar, conservar e salvagardar o patrimonio cultural material e inmaterial de Galicia no eido da cultura mariñeira. 5. Preservar a organización periódica do Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia, iniciado no ano 1993, como plataforma para defender, divulgar e dinamizar o patrimonio marítimo de Galicia. 6. Por en marcha iniciativas que impliquen a participación da cidadanía na creación cultural ou no coñecemento e goce das manifestacións culturais. 7. Impulsar e/ou conservar as nosas tradicións culturais, a través de disciplinas como a música, a danza, o canto, a memoria colectiva, etc. 8. Dar resposta ás demandas sociais en relación á creación de eventos e espazos para a convivencia lúdica e a recreación. Apoiar a educación.
Efectos que se pretenden coa súa aplicación	Organización e realización do XVI Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia, entre o 3 e o 6 de agosto en Sada, incluíndo entre outras aquelas derivadas da organización do III Convoi Tesa a Escota (navegación conxunta con rumbo a Sada e en condicións de seguridade das embarcacións participantes no XVI Encontro), así como da atención e manutención exclusiva para tripulacións, organización e voluntariado participante no XVI Encontro, incluíndo a dotación necesaria a tal fin



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2023/G010/000015

Prazo necesario para a súa consecución	Ano 2023
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento	Orzamento 2022. prorrogado Previsión: 2023. 30.000 euros
Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención identificadas no plan	Subvención nominativa . Aprobado o orzamento municipal e as subvencións nominativas correspondentes elaborárase un convenio para fixar as condicións de realización e requisitos a cumprir pola entidade beneficiaria para o abono da axuda prevista. Aprobado e asinado por ambas partes procederáase ao abono na forma fixada no convenio. Unha vez executado o programa xustificárase a subvención na forma prevista.
Réxime de seguimento e avaliación	<ul style="list-style-type: none">- Nº de beneficiarios da subvención.- % de cada tipo de axuda sobre o total.- % de beneficiarios indirectos por cada tipo de axuda.
Resultados da avaliación	No prazo dun mes dende o remate do prazo de xustificación. Darase conta ao Pleno.

LIÑA ESTRATÉXICA 4: PROMOCIÓN DO DEPORTE

Obxectivos estratéxicos	Apoiar, difundir e promover o deporte, adestramento e sacrificio e as prácticas saudables entre a poboación e especialmente entre a xuventude.
Obxectivos específicos	<ol style="list-style-type: none">1. Apoiar o desenvolvemento de eventos e actividades deportivas oficiais a nivel comunitario, nacional ou internacional.2. Fomentar o deporte.3. Promover a representación deportiva de Sada nos eventos deportivos
Liñas de subvención nas que se concreta o plan de actuación	LS 4.1. Bolsas para deportistas de nivel do Concello de Sada. LS 4.2. Subvencións dirixidas ás entidades deportivas do Concello de Sada. LS 4.3. Subvencións dirixidas ás entidades sen ánimo de lucro do Concello de Sada para realizar investimentos deportivos.

LS 4.1 Bolsas para deportistas de nivel do Concello de Sada.

Áreas de competencia afectadas	DÉPORTE, SAÚDE
Sectores aos que se dirixen as axudas	Deportistas individuais participantes en competicións deportivas oficiais a nivel comunitario, nacional ou internacional, de disciplinas recoñecidas pola Federación Galega de Deportes ou polo Consello Superior de Deportes.
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	<ol style="list-style-type: none">1. Apoiar o desenvolvemento de eventos e actividades deportivas oficiais a nivel comunitario, nacional ou internacional.2. Fomentar o deporte.3. Promover a representación deportiva de Sada nos eventos deportivos.4. Fomentar o traballo en equipo
Efectos que se pretenden coa súa aplicación	Práctica de deporte
Prazo necesario para a súa consecución	Indeterminado
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento	Orzamento 2022 prorrogado. Previsión: 2023. Partida orzamentaria: 341.48000, 10.500€.
Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención identificadas no plan	Réxime de concorrencia. Procédese á aprobación das bases da convocatoria polo Pleno e á súa convocatoria polo Alcalde. Presentadas as solicitudes en forma resolverse sobre a concesión das axudas por Resolución de Alcaldía. A xustificación da actuación subvencionable presentarase segundo o establecido nas bases e adoptará a forma de conta xustificativa coa documentación que se esixa nas mesmas.



Réxime de seguimento e avaliación	<ul style="list-style-type: none"> - N° de deportistas beneficiarios. - N° de competicións nas que se participou. - N° de deportes promovidos. - % de beneficiarios participantes en competicións internacionais. - % de beneficiarios participantes en competicións nacionais. - % de beneficiarios participantes en competicións galegas. - % de beneficiarios participantes en competicións provinciais. - % de incremento de beneficiarios por deporte respecto do ano anterior. - N° de premios recibidos polos beneficiarios.
Resultados da avaliación	No prazo dun mes dende o remate do prazo de xustificación. Darase conta ao Pleno.

LS 4.2 Subvencións dirixidas ás entidades deportivas do Concello de Sada.

Áreas de competencia afectadas	DEPORTE, SAÚDE
Sectores aos que se dirixen as axudas	Entidades deportivas do Concello de Sada sen ánimo de lucro.
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	<ol style="list-style-type: none"> 1. Apoiar o desenvolvemento de eventos e actividades deportivas oficiais a nivel comunitario, nacional ou internacional. 2. Fomentar o deporte. 3. Promover a representación deportiva de Sada nos eventos deportivos. 4. Fomentar o traballo en equipo
Efectos que se pretenden coa súa aplicación	Práctica de deporte
Prazo necesario para a súa consecución	Indeterminado
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento	Orzamento 2022 prorrogado. Previsión: 2023. Partida orzamentaria: 341.48000, 63.500€.
Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención identificadas no plan	Réxime de concorrencia. Procédese á aprobación das bases da convocatoria polo Pleno e á súa convocatoria polo Alcalde. Presentadas as solicitudes en forma resolverase sobre a concesión das axudas por Resolución de Alcaldía. A xustificación da actuación subvencionable presentarase segundo o establecido nas bases e adoptará a forma de conta xustificativa coa documentación que se esixa nas mesmas.
Réxime de seguimento e avaliación	<ul style="list-style-type: none"> - N° de entidades beneficiarias. - N° de deportistas que aglutina cada entidade beneficiaria. - N° de competicións nas que participou cada entidade. - N° de deportes promovidos. - % de beneficiarios participantes en competicións internacionais. - % de beneficiarios participantes en competicións nacionais. - % de beneficiarios participantes en competicións galegas. - % de beneficiarios participantes en competicións provinciais. - % de beneficiarios participantes en competicións locais. - % de incremento de beneficiarios por deporte respecto do ano anterior. - N° de premios recibidos polos beneficiarios.
Resultados da avaliación	No prazo dun mes dende o remate do prazo de xustificación. Darase conta ao Pleno.

LS 4.3 Subvencións dirixidas ás entidades sen ánimo de lucro do Concello de Sada para realizar investimentos deportivos.

Áreas de competencia afectadas	DEPORTE
Sectores aos que se dirixen as axudas	Entidades sen ánimo de lucro.
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	<ol style="list-style-type: none"> 1. Apoiar e promover a acción deportiva do tecido asociativo municipal axudando a que acaden os obxectivos propios dos seus estatutos 2. Ampliar e mellorar os equipamentos do deporte no ámbito municipal ao servizo da promoción deportiva. 3. Fomentar a participación da cidadanía no deporte.
Efectos que se pretenden coa súa aplicación	Desenvolvemento e promoción deportiva



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2023/G010/000015

<i>Prazo necesario para a súa consecución</i>	<i>Indeterminado</i>
<i>Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento</i>	<i>Orzamento 2022 prorrogado. Previsión: 2023. Partida orzamentaria: 341.78000, 25.000€.</i>
<i>Plan de acción</i>	<i>Réxime de concorrencia competitiva</i>
<i>Réxime de seguimento e avaliación</i>	<ul style="list-style-type: none"> - <i>Núm. de solicitudes recibidas e núm. de entidades beneficiarias</i> - <i>Núm. de actuacións subvencionadas para a adquisición de bens ou para melloras en instalacións, realizadas polas entidades beneficiarias, así como características dos mesmos.</i> - <i>% de redución do gasto externo das entidades deportivas en contratacións de equipamentos necesarios para organizar actividades deportivas.</i>
<i>Resultados da avaliación</i>	<i>No prazo dun mes dende o remate do prazo de xustificación. Darase conta ao Pleno.</i>

LIÑA ESTRATÉXICA 5: EDUCACIÓN

<i>Obxectivos estratéxicos</i>	<i>Potenciar actividades formativas e outro tipo de actividades de crecemento persoal baseado en valores como complemento da educación, favorecendo a participación das familias na vida escolar.</i>
<i>Obxectivos específicos</i>	<ol style="list-style-type: none"> 1. <i>Potenciar a figura das ANPAS e dos centros educativos públicos de Sada e apoiar a realización doutras actividades que propicien a participación e o encontro entre os alumnos.</i> 2. <i>Apoiar ás familias nos custos derivados da educación.</i> 3. <i>Fomento de actividades extraescolares.</i>
<i>Liñas de subvención nas que se concreta o plan de actuación</i>	<p><i>LS 5.1. Subvención para afrontar os gastos que orixina o comezo do curso escolar.</i></p> <p><i>LS 5.2. Axudas transporte escolar.</i></p> <p><i>LS 5.3. Axudas a entidades educativas.</i></p>

LS 5.1 Subvención para afrontar os gastos que orixina o comezo do curso escolar.

<i>Áreas de competencia afectadas</i>	<i>EDUCACIÓN</i>
<i>Sectores aos que se dirixen as axudas</i>	<p><i>Familias con membros que cursen algún dos seguintes estudos:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> * <i>Educación Infantil.</i> * <i>Educación Primaria.</i> * <i>FP Básico.</i> * <i>Educación secundaria (ESO e ESA).</i>
<i>Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación</i>	<ol style="list-style-type: none"> 1. <i>Apoiar a educación.</i> 2. <i>Apoiar os gastos que as familias realicen na educación obrigatoria propiciando a solidariedade e a integración de todo o alumnado.</i>
<i>Efectos que se pretenden coa súa aplicación</i>	<i>Dotar ás familias das condicións básicas para a educación dos seus fillos.</i>
<i>Prazo necesario para a súa consecución</i>	<i>Indeterminado</i>
<i>Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento</i>	<i>Orzamento 2022 prorrogado. Previsión: 2023. Partida orzamentaria: 326.48013, 12.000€.</i>
<i>Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención identificadas no plan</i>	<i>Réxime de concorrencia. Procédese á aprobación das bases da convocatoria polo Pleno e á súa convocatoria polo Alcalde. Presentadas as solicitudes en forma resolverase sobre a concesión das axudas por Resolución de Alcaldía. A xustificación da actuación subvencionable presentarase segundo o establecido nas bases e adoptará a forma de conta xustificativa coa documentación que se esixa nas mesmas.</i>



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2023/G010/000015

Réxime de seguimento e avaliación	<ul style="list-style-type: none">- Nº de beneficiarios da subvención.- % de cada tipo de axuda sobre o total.- % de axudas concedidas a cada nivel formativo.
Resultados da avaliación	No prazo dun mes dende o remate do prazo de xustificación. Darase conta ao Pleno.

LS 5.2 Axudas transporte escolar.

Áreas de competencia afectadas	EDUCACIÓN
Sectores aos que se dirixen as axudas	Familias con membros que cursen algún dos seguintes estudos dentro ou fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, empadroados en Sada: * Educación secundaria (ESO e ESA). * Bacharelato- FP/Ciclos formativos. * Estudos universitarios. * Calquera estudo oficial homologado a nivel estatal.
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	1. Apoiar a educación. 2. Apoiar os gastos que as familias realicen na educación obrigatoria propiciando a solidariedade e a integración de todo o alumnado.
Efectos que se pretenden coa súa aplicación	Dotar ás familias das condicións básicas para a educación dos seus fillos.
Prazo necesario para a súa consecución	Indeterminado
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento	Orzamento 2022 prorrogado. Previsión: 2023. Partida orzamentaria: 326.48011, 12.000€.
Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención identificadas no plan	Réxime de concorrencia. Procédese á aprobación das bases da convocatoria polo Pleno e á súa convocatoria polo Alcalde. Presentadas as solicitudes en forma resolverase sobre a concesión das axudas por Resolución de Alcaldía. A xustificación da actuación subvencionable presentarase segundo o establecido nas bases e adoptará a forma de conta xustificativa coa documentación que se esixa nas mesmas.
Réxime de seguimento e avaliación	<ul style="list-style-type: none">- Nº de beneficiarios da subvención.- % de cada tipo de axuda sobre o total.- % de axudas concedidas a cada nivel formativo.
Resultados da avaliación	No prazo dun mes dende o remate do prazo de xustificación. Darase conta ao Pleno.

LS 5.3 Axudas a entidades educativas.

Áreas de competencia afectadas	EDUCACIÓN
Sectores aos que se dirixen as axudas	Entidades educativas
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	1. Apoiar a educación. 2. Apoiar os programas e actividades complementarias que promovan o valor como diálogo, o valor da convivencia, o valor da solidariedade e a conciliación da vida laboral e familiar.
Efectos que se pretenden coa súa aplicación	Estimular ao alumnado e aumentar o grado de convivencia entre eles, promovendo valores de solidariedade e integración. Consolidar a participación de pais e nais nos centros educativos
Prazo necesario para a súa consecución	Indeterminado
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento	Orzamento 2022. prorrogado Previsión: 2023. Partidas orzamentarias: 326.48016 ANPA Escola Infantil de Mondego, (2310.48000), 600 €



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2023/G010/000015

	<p>ANPA Pedro Barrié de la Maza, 3.000 € CEIP Mosteirón, 3.000 €. ANPA Sada e Contornos, 3.500 €. ANPA Mosteirón, 3.000 €. IES Mosteirón, 1.500 €. CEIP Sada e Contornos, 3.000 €. CEIP Pedro Barrié de la Maza, 4.500 €. ANPA Virxe do Carme, 600 €. IES Isaac Díaz Pardo, 3.500 €. ANPA Isaac Díaz Pardo, 3.000 €.</p> <p>Total 32.200 €</p>
Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención identificadas no plan	Subvencións nominativas. Aprobado o orzamento municipal e as subvencións nominativas correspondentes elaborárase un convenio para fixar as condicións de realización e requisitos a cumprir pola entidade beneficiaria para o abono da axuda prevista. Aprobado e asinado por ambas partes procederase ao abono na forma fixada no convenio. Unha vez executado o programa xustificárase a subvención na forma prevista.
Réxime de seguimento e avaliación	<ul style="list-style-type: none"> - Nº de beneficiarios da subvención. - % de cada tipo de axuda sobre o total. - % de beneficiarios indirectos por cada tipo de axuda.
Resultados da avaliación	No prazo dun mes dende o remate do prazo de xustificación. Darase conta ao Pleno.

LIÑA ESTRATÉXICA 6: COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO, IGUALDADE E PARTICIPACIÓN SOCIAL.

Obxectivos estratéxicos	Potenciar o desenvolvemento dos valores da solidariedade e igualdade.
Obxectivos específicos	<ol style="list-style-type: none"> 1. Apoiar programas de cooperación internacional ao desenrolo e que promovan a solidariedade internacional e a transformación social baseados nun enfoque dos dereitos humanos. 2. Apoiar a igualdade de oportunidades.
Liñas de subvención nas que se concreta o plan de actuación	LS 6.1. Gastos derivados da execución do programa "Vacacións en Paz".

LS 6.1 Gastos derivados da execución do programa "Vacacións en Paz".

Áreas de competencia afectadas	SERVIZOS SOCIAIS
Sectores aos que se dirixen as axudas	Asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que teñan entre os seus obxectivos a realización de actividades de cooperación ao desenvolvemento e/ou sensibilización e educación ao desenvolvemento. Familias
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	<ol style="list-style-type: none"> 1. Apoiar programas de Cooperación internacional ao desenvolvemento. 2. Fomentar accións locais que promovan os valores da solidariedade internacional, dereitos humanos ou axudas a colectivos máis desfavorecidos doutros países en desenvolvemento.
Efectos que se pretenden coa súa aplicación	Contribuír á mellora das condicións de vida das poboacións coas que se traballe e reforzar a educación e sensibilidade cos dereitos humanos.
Prazo necesario para a súa consecución	Indeterminado
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento	Orzamento 2022 prorrogado. Previsión: 2023. Partida orzamentaria: 2310.48000, Solidariedade galega do Pobo Saharaui, 2.000€.



Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención identificadas no plan	Subvencións nominativas. Aprobado o orzamento municipal e as subvencións nominativas correspondentes elaborárase un convenio para fixar as condicións de realización e requisitos a cumprir pola entidade beneficiaria para o abono da axuda prevista. Aprobado e asinado por ambas partes procederase ao abono na forma fixada no convenio. Unha vez executado o programa xustificárase a subvención na forma prevista.
Réxime de seguimento e avaliación	- Nº de beneficiarios da subvención. - % de axudas concedidas sobre o ano anterior. - % de idades dos beneficiarios indirectos sobre o ano anterior.
Resultados da avaliación	No prazo dun mes dende o remate do prazo de xustificación. Darase conta ao Pleno.

».

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 (7 SM, 4 UPSA, 4 PP e 1 GM).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade dos asistentes o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Modificar a redacción do texto do Plan estratéxico de Subvencións do Concello de Sada para o ano 2023, corrixindo as mencións ao período de duración 2023-2025 para que se recolla unicamente o período aprobado, para o ano 2023.

Segundo.- Publicar o acordo no BOP da Coruña, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Sada, debendo incluír nestes dous últimos o PES refundido coas modificacións, co texto completo que se incorpora no anexo I a este acordo.

ANEXO I:

ÍNDICE

1. CONSIDERACIÓNS XERAIS	2
Preámbulo	2
Contexto normativo	2
2. NATUREZA XURÍDICA E OBXECTO DO PLAN	3
3. CONTIDO DO PLAN	4
4. COMPETENCIA PARA A SÚA APROBACIÓN	5
5. ÁMBITO SUBXECTIVO	5
6. ÁMBITO TEMPORAL, VIXENCIA E ACTUALIZACIÓN	5
7. ASPECTOS ESTRATÉXICOS DO PLAN	6
Misión	6
Obxectivos estratéxicos ou xerais	6
Principios xerais	7
8. LIÑAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN	7
9. BENEFICIARIOS E PROCEDEMENTOS DE CONCESIÓN	8
Beneficiarios	8
Procedementos de concesión	8
10. EFECTOS, PRAZOS PARA A SÚA CONSECUCIÓN, CUSTOS PREVISIBLES E FINANCIAMENTO	9
Efectos	9



Prazos de execución	9
Custos previsibles	9
Financiamento	10
11. CONTROL E SEGUIMENTO	10
12. TRANSPARENCIA DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCÍONS	11
ANEXO AO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCÍONS PERÍODO 2023	12

1. CONSIDERACIÓNS XERAIS

Preámbulo

Segundo a Exposición de Motivos da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, unha parte importante da actividade financeira do sector público canalízase a través de subvencións, co obxecto de dar resposta, con medidas de apoio financeiro, a demandas sociais e económicas de persoas e entidades públicas ou privadas.

Desde a perspectiva económica, as subvencións son unha modalidade importante de gasto público e, por tanto, deben axustarse ás directrices da política orzamentaria, actualmente orientada polos criterios de estabilidade orzamentaria, sustentabilidade financeira e crecemento económico.

Desde esta perspectiva a Lei Xeral de Subvencións supón un paso máis no proceso de racionalización do noso sistema económico incardinándose no conxunto de medidas e reformas que se viñeron instrumentando con esta finalidade.

Un dos principios que rexen esta lei, recollido tamén na normativa de estabilidade orzamentaria, é o de transparencia. Con este obxecto, as Administracións deberán facer públicas as subvencións que concedan, e, á vez, a lei establece a obriga de formar unha base de datos de ámbito nacional que conteña información relevante sobre todas as subvencións concedidas.

Esta maior transparencia redunda de forma directa nun incremento dos niveis de eficiencia e eficacia na xestión do gasto público subvencional.

Nesta liña de mellora da eficacia, a Lei 38/2003 establece, como elemento de xestión e instrumento da devandita mellora, a necesidade de elaborar en cada Administración Pública un Plan Estratéxico de Subvencións, que permita relacionar os obxectivos a alcanzar e os efectos que se pretenden conseguir, cos custos previstos e o seu financiamento, a fin de adecuar as necesidades públicas a cubrir mediante as subvencións, cos recursos dispoñibles, e todo iso con carácter previo á concesión.

Ademais, a lei expón un sistema de seguimento a través do control e avaliación de obxectivos, que debe permitir que aquelas liñas de subvencións que non alcancen o nivel de consecución de obxectivos desexado ou que resulte adecuado ao nivel de recursos investidos, poidan ser modificadas ou substituídas por outras máis eficaces e eficientes, ou, no seu caso, eliminadas.

Desde a perspectiva administrativa, as subvencións son unha técnica de fomento de determinados comportamentos considerados de interese xeral e mesmo un procedemento de colaboración entre a Administración pública e os particulares para a xestión de actividades de interese público.

Existe unha gran diversidade de subvencións de distinta natureza, que se conceden mediante procedementos complexos, e, por tanto, deben ser obxecto dun seguimento e control eficaces.

Configúrase así o plan estratéxico como o complemento necesario para articular a concesión de subvencións, con respecto aos principios de transparencia e equilibrio orzamentario.



Contexto normativo.

A xustificación da realización do Plan Estratéxico de Subvencións ten o seu fundamento no disposto, con carácter xeral, na exposición de motivos da Lei 38/2003, de 17 de novembro de Subvencións, en diante LXS, e de forma específica no mandato establecido no artigo 8 da citada norma, nos artigos 10 e seguintes do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en diante RXS.

A lei 38/2003 introduce, como elemento de xestión e instrumento para a mellora da eficacia nas actuacións das Administracións Públicas, a necesidade de elaborar, en cada administración, un Plan Estratéxico de Subvencións, que permita relacionar os obxectivos a alcanzar e os efectos que se pretenden conseguir, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previstos e o seu financiamento, con obxecto de adecuar as necesidades públicas a cubrir mediante as subvencións cos recursos dispoñibles e todo iso con carácter previo á concesión.

A lei 38/2003 de 17 de novembro, Lei Xeral de Subvencións, recolle no seu artigo 8.1, «Os órganos das Administracións públicas ou calquera entes que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria». O citado artigo 8 LXS foi desenvolvido polos artigos 10 a 15 do Regulamento da LXS, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, establecendo cales deben ser os principios reitores, o ámbito e o contido dos PES, así como a competencia para a súa aprobación e o seguimento que debe realizarse do mesmo.

Segundo o artigo 11 do citado Regulamento Xeral da LXS, os plans estratéxicos deberán axustarse, en todo caso, ás restricións que en orde ao cumprimento dos obxectivos de política económica e de estabilidade orzamentaria determínense para cada exercicio. Conterán previsións para un período de vixencia de tres anos, salvo que pola especial natureza do sector afectado, sexa conveniente establecer un plan estratéxico de duración diferente. Así mesmo, e en todo caso, por virtude da potestade regulamentaria atribuída ás entidades locais polo art. 4 da Lei 7/1985 LBRL o marco normativo xeral complementase coas seguintes normas ou instrumentos propios:

- As Normas Municipais de Execución Orzamentaria que resulten aprobadas para cada exercicio xunto á tramitación dos Orzamentos.

De conformidade co anterior, o Plan estratéxico de subvencións deberá confeccionarse con carácter previo a calquera proposta de outorgamento de subvencións e as propostas que se expoñan deberán estar recollidas no citado Plan.

O presente Plan estratéxico foi elaborado coa participación de todas as Áreas Municipais, responsables da xestión de subvencións no Concello de Sada.

2. NATUREZA XURÍDICA E OBXECTO DO PLAN.

O Plan estratéxico de subvencións é un instrumento no que conflúen, dunha parte, a materialización dos principios xerais e inspiradores que regularán a concesión das subvencións, así como a súa xustificación; e por outra, o establecemento das medidas de control das subvencións en curso que permitan, unha vez concedidas, o perfeccionamento das que se concedan no futuro mediante a corrección das desviacións observadas.

Do expresado e da regulación do Plan estratéxico de subvencións dedúcese que a súa finalidade é conseguir a máxima eficacia cos recursos dispoñibles respectando, para iso, as limitacións derivadas do principio de



estabilidade orzamentaria.

Ademais, a natureza do Plan estratéxico de subvencións como instrumento de xestión de carácter programático e sen rango normativo, supón que carece de incidencia directa na esfera de potenciais beneficiarios de subvencións, non creando dereitos nin obrigas para estes. A súa efectividade quedará condicionada á execución das diferentes liñas de subvención, atendendo, entre outros condicionantes, ás disponibilidades orzamentarias de cada exercicio.

Polo tanto, o establecemento efectivo das subvencións previstas neste plan requirirá a inclusión das consignacións correspondentes nos orzamentos municipais e a aprobación das bases reguladoras da súa concesión ou o documento procedente.

Ademais, o Plan estratéxico de subvencións deberá de ser un instrumento que sirva para racionalizar o exercicio da acción de fomento, de tal maneira que se poida seguir mantendo esa acción á vez que se rendibilicen os recursos mediante criterios de eficacia, que polas circunstancias concorrentes poden verse limitados.

Configurado o Plan estratéxico de subvencións como un instrumento eficaz de xestión pública para a distribución racional dos recursos económicos para a realización das políticas públicas e consecución dos obxectivos que ten encomendados o Concello de Sada a través das distintas Áreas que o integran, unha das principais utilidades que persegue é a sistematización das distintas liñas de subvencións previstas nos orzamentos, contribuíndo desta forma a unha avaliación futura da actual política de subvencións a través dos informes de avaliación e seguimento do plan.

3. CONTIDO DO PLAN.

O seu contido deberá axustarse ao previsto no artigo 12 do citado Regulamento que, igualmente, prevé a súa avaliación e seguimento. Neste sentido o citado artigo establece canto segue:

“1. Os plans estratéxicos terán o seguinte contido:

a) Obxectivos estratéxicos, que describen o efecto e impacto que se espera lograr coa acción institucional durante o período de vixencia do plan e que deberán estar vinculados cos obxectivos establecidos nos correspondentes programas orzamentarios. Cando os obxectivos estratéxicos afecten o mercado, deberanse identificar ademais os fallos que se aspira a corrixir, cos efectos previstos no apartado 2 do artigo 8 da Lei Xeral de Subvencións.

b) Liñas de subvención nas que se concreta o plan de actuación. Para cada liña de subvención deberán detallarse os seguintes aspectos:

1. Áreas de competencia afectadas e sectores cara aos que se dirixen as axudas.
2. Obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación.
3. Prazo necesario para a súa consecución.
4. Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento, onde se detallarán as achegas das distintas Administracións Públicas, da Unión Europea e doutros órganos públicos ou privados que participen nestas accións de fomento, así como aquelas que, tendo en conta o principio de complementariedade, correspondan aos beneficiarios das subvencións.
5. Plan de acción, no que concretarán os mecanismos para pór en práctica as liñas de subvencións identificadas no Plan, delimitaranse as liñas básicas que deben conter as bases reguladoras das Subvencións, o calendario de elaboración e, no seu caso, os criterios de coordinación entre as distintas



Administracións Públicas para a súa xestión.

c) Réxime de seguimento e avaliación continua aplicable ás diferentes liñas de subvencións que se establezan. A estes efectos, débense determinar para cada liña de subvención, un conxunto de indicadores relacionados cos obxectivos do Plan, que recollidos periodicamente polos responsables do seu seguimento, permitan coñecer o estado da situación e os progresos conseguidos no cumprimento dos respectivos obxectivos.

d) Resultados da avaliación dos plans estratéxicos anteriores nos que se trasladará o contido dos informes emitidos.

2. O contido do plan estratéxico poderá reducirse á elaboración dunha memoria explicativa dos obxectivos, os custos de realización e as súas fontes de financiamento nos casos de subvencións que se concedan de forma directa, de acordo co establecido no artigo 22.2 da Lei Xeral de Subvencións.

3. Os plans estratéxicos de subvencións teñen carácter programático e o seu contido non crea dereitos nin obrigas; a súa efectividade quedará condicionada á posta en práctica das diferentes liñas de subvención, atendendo entre outros condicionantes ás disponibilidades orzamentarias de cada exercicio”.

O Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Sada para o período 2023 recóllese no Anexo denominado “Anexo ao Plan Estratéxico de Subvencións Período 2023” no que se especifica:

- Obxectivos estratéxicos.
- Áreas de competencia afectadas.
- Obxecto e efectos que se pretenden coa súa aplicación.
- Ámbito temporal / Prazo necesario para a súa consecución.
- Custos Previsibles e fontes de financiamento.
- Plan de acción.
- Réxime de Seguimento e Avaliación.
- Réxime / Modalidade de concesión.
- Beneficiarios / Destinatarios.
- Aplicación orzamentaria na que se prevé a consignación do crédito correspondente.

4. COMPETENCIA PARA A SÚA APROBACIÓN.

O órgano competente para a aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións non está establecido na normativa, pero tendo en conta que as bases de subvención e de execución do orzamento corresponden ao Pleno e a convocatoria de subvencións ao Alcalde, así como que é o primeiro establecido en Sada e que a previsión de aplicación é plurianual, sométese a aprobación inicial ao Pleno. As modificacións puntuais que abranguen unha anualidade que vaian xurdindo nos tres anos de vixencia aprobaranse polo Alcalde e posteriormente dará conta ao Pleno.

Unha vez aprobado será publicado no portal de transparencia a web municipal para o seu coñecemento, así como no Boletín Oficial da Coruña.

5. ÁMBITO SUBXECTIVO.

O presente Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Sada, inclúe todas as subvencións concedidas directamente polo Concello da través das distintas áreas municipais.

De conformidade co establecido no artigo 2.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, non están incluídas no ámbito do presente plan por non ter consideración de subvencións, as achegas económicas que o Concello de Sada efectúa a outras administracións públicas para financiar globalmente a actividade ou



programas da administración á que vaian dirixidas, ou entidades ás que pertence o propio Concello, que actualmente son as achegas a programas xantar na casa (plan autonómico), centro de día (plan autonómico), escola infantil Galiña Azul (plan autonómico), transporte metropolitano (plan autonómico), subvencións grupos municipais, Consorcio As Mariñas, Asociación Mariñas-Betanzos.

6. ÁMBITO TEMPORAL, VIXENCIA E ACTUALIZACIÓN.

O presente Plan terá unha vixencia de tres anualidades, abarcando así o período 2023, sen prexuízo de que algunhas das liñas de subvención puidesen ter unha vixencia inferior ou se vaian incorporando outras.

Non obstante o anterior, anualmente, á vista dos informes de seguimento e tendo en conta as disponibilidades orzamentarias poderán modificarse, substituírse por outras ou eliminarse liñas de subvencións.

Dentro de cada unha das liñas poderá actualizarse ou modificarse calquera aspecto do seu contido, ben polos resultados nos informes de seguimento en canto á consecución dos obxectivos ou a adecuación dos recursos investidos, ben por outros motivos debidamente xustificadas.

Doutra banda, con ocasión das modificacións orzamentarias que pretendesen introducir algunha das liñas de subvención non previstas no presente PES, debería previa ou simultaneamente modificarse este. Non será necesaria a modificación do PES nos supostos de modificación de liñas de subvención existentes cando a modificación consista na variación do importe asignado a unha subvención da liña, sempre que o resto dos compoñentes da mesma permanezan sen cambios, feito este que deberá quedar acreditado no expediente, por parte de Área xestora correspondente.

7. ASPECTOS ESTRATÉXICOS DO PLAN.

Misión.

Representa a razón de ser do conxunto da actividade de fomento do Concello:

“Impulsar, promover e potenciar a participación da sociedade civil estruturada do noso municipio nos distintos ámbitos de xestión municipal de interese concorrente, así como promover a inclusión social das persoas mediante axudas económicas a quen se atopen en determinadas situacións de vulnerabilidade social en defensa do principio de igualdade de oportunidades”.

Obxectivos estratéxicos e xerais.

Enténdese por subvención, a efectos deste plan, toda disposición económica realizada polo Concello, a favor de persoas públicas ou privadas ou entes sen personalidade xurídica e que cumpran cos seguintes requisitos:

- Que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios.
- Que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, ou a concorrencia dunha situación, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceron.
- Que o proxecto, a acción, conduta ou situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

En canto aos obxectivos prioritarios atópanse:

- O fomento de todo tipo de actividades de utilidade pública ou interese social, ou de promoción dunha



finalidade pública, sempre sen ánimo de lucro, colaborando no desenvolvemento e fomento de actividades de escaso rendemento económico.

- Potenciar a creación de redes asociativas e de participación dos cidadáns na actuación municipal.

Son obxectivos xerais do presente Plan Estratéxico e das diferentes liñas de axudas e subvencións do Concello de Sada para o período 2023 os seguintes:

- Dar cumprimento ao mandato legal recollido no artigo 8.1 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, que obriga aos concellos que previamente á concesión de subvencións, procedase a aprobar o seu correspondente plan estratéxico.
- Establecer e normalizar, para o conxunto das moi diversas e diferentes liñas e programas de axuda e subvencións das diferentes áreas do concello, un conxunto de principios e bases de execución comúns ás mesmas.
- Mellorar e racionalizar a xestión municipal das subvencións coa valoración dos aspectos de transversalidade, eficacia e eficiencia na xestión das diferentes liñas de axudas.
- Regular, con carácter xeral, do réxime a que ha de axustarse a concesión e xustificación das subvencións a tramitar polo concello.

Principios xerais.

A regulación xurídica en materia de subvencións, así como das administracións públicas, establece uns principios xerais de actuación, que son elementos fundamentais do Plan Estratéxico e que deben rexer a xestión municipal en materia de subvencións. Estes son:

Principio de publicidade: este principio materialízase na convocatoria previa na que se garanta a publicidade da convocatoria e na publicidade das subvencións concedidas, iso sen prexuízo da posible concesión directa, de conformidade co establecido respecto diso na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, nas Bases de Execución do orzamento do Concello e demais normativa de aplicación.

Principio de libre concorrència: este principio materialízase na determinación dos requisitos que deben cumprir as beneficiarias, non restrinxindo o acceso a quen se atopen en igualdade de condicións, de tal maneira que se garanta a concorrència e igualdade na distribución de fondos públicos, iso sen prexuízo da posible concesión directa que, de conformidade co establecido na norma aplicable, deberá contar, con carácter previo, coas debidas dispoñibilidades orzamentarias.

Principio de obxectividade: a concesión de subvencións realizarase conforme a criterios obxectivos, previamente establecidos na convocatoria a fin de garantir o coñecemento previo dos mesmos polos potenciais beneficiarios.

Principios de transparencia e igualdade e non discriminación na asignación dos recursos públicos: este principio materialízase na observancia dos principios de concorrència, obxectividade e publicidade, sen prexuízo da aplicación dos supostos legais de concesión directa.

Principios de eficacia e eficiencia: eficacia no cumprimento dos obxectivos marcados co establecemento dun procedemento de seguimento e control das subvencións concedidas e eficiencia na asignación de recursos públicos, coa valoración das subvencións e a asignación aos proxectos máis eficientes, debéndose xustificar cuantitativa e cualitativamente as subvencións percibidas.

Principio de adecuación á estabilidade orzamentaria e de regra de gasto: a concesión de subvencións axustarase ao principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e á regra de gasto, nos termos previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade



Financeira.

Principio de control e análise da adecuación dos fins das entidades solicitantes aos principios de igualdade e non discriminación no exercicio das actividades subvencionadas.

8. LIÑAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN.

As liñas estratéxicas de actuación recollidas no presente plan estratéxico son as que a continuación se detallan sintetizadas por áreas. Recóllense cun maior detalle no anexo correspondente.

- Liña Estratéxica 1: Promoción económica.
- Liña Estratéxica 2: Acción social.
- Liña Estratéxica 3: Cultura, lecer e actividades festivas.
- Liña Estratéxica 4: Promoción do deporte.
- Liña Estratéxica 5: Educación.
- Liña estratéxica 6: Cooperación ao desenvolvemento, igualdade e participación social.

9. BENEFICIARIAS E PROCEDEMENTOS DE CONCESIÓN.

Beneficiarias.

Terá a consideración de beneficiaria de subvencións a persoa ou entidade que realice a actividade que fundamentou o seu outorgamento ou que se atope na situación que lexítima a súa concesión.

Procedementos de concesión.

O Concello de Sada, concederá subvencións, nos termos da normativa vixente en materia de subvencións, con carácter xeral mediante convocatoria pública en réxime de concorrencia competitiva, ou a través de concesión directa, a favor de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, comunidade de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poida levar a cabo os proxectos ou actividades ou comportamento que se atopen na situación que motiva a subvención.

Para que unha actividade poida ser obxecto de subvención ou axuda con cargo aos orzamentos xerais do concello, deberá perseguir algún dos seguintes fins:

- Complementar, colaborar, servir, propiciar ou suplir fins de competencia municipal.
- Fomentar unha actividade de interese social.
- Fomentar asociacións cuxo obxecto sexa a defensa dos intereses xerais ou sectoriais da veciñanza.
- Colaborar a prol da integración social, mediante axudas económicas, a aqueles cidadáns que se atopen en determinadas situacións de vulnerabilidade social en defensa do principio de igualdade de oportunidades.

Aos efectos da súa concesión establécense os seguintes tipos de procedementos na concesión de subvencións:

- Subvencións concedidas en réxime de concorrencia competitiva.
- Subvencións nominativas previstas no orzamento.
- Subvencións concedidas de forma directa por razóns de interese público, social, económico ou



humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

- Subvencións cuxo outorgamento ou contía sexan impostas ao Concello de Sada por unha norma de rango legal. Nestes casos atenderase ao procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.

10. EFECTOS, PRAZOS PARA A SÚA CONSECUCIÓN, CUSTOS PREVISIBLES E FINANCIAMENTO.

Efectos.

O plan estratéxico pretende desenvolver ou canalizar unha serie de actividades que permitan dar aos diferentes sectores sociais do municipio a posibilidade de desenvolver proxectos que lles conduzan á satisfacción de necesidades de todo tipo, tanto sociais, profesionais, como de lecer. Por iso, a actividade de subvención pretende:

- Fomentar a realización de actividades de interese xeral, así como a colaboración entre esta entidade local e as persoas particulares para a xestión de actividades de interese público.
- Impulsar, promover e potenciar a participación da sociedade civil do noso municipio nos distintos ámbitos de xestión municipal de interese concorrente, así como promover a inclusión social das persoas mediante axudas económicas a quen se atopen en determinadas situacións de vulnerabilidade social, en defensa do principio de igualdade de oportunidades.

A aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións non supón a xeración de dereito algún a favor das potenciais beneficiarias, que non poderán esixir indemnización ou compensación algunha no caso de que o plan non se leve á práctica nos seus propios termos.

Así mesmo, deberanse ter en conta accións tendentes ao fomento de calquera actividade de interese xeral, para o que se poderán canalizar fondos que cada ano se asignen no orzamento municipal con destino a estas subvencións.

Prazos de execución.

Con carácter xeral, as subvencións municipais terán un prazo de execución anual, sendo o período elixible a efectos de xustificación o ano natural.

Naqueles supostos nos que as circunstancias fagan conveniente a fixación dun prazo de execución superior ao anual, ou a modificación do período lexible, deberanse recoller nas correspondentes bases das subvencións, nese caso, deberán seguir cumprimentando anualmente os requisitos que establece a lexislación vixente.

Custos previsibles.

O establecemento efectivo das subvencións previstas neste plan estratéxico requirirá a inclusión dos créditos correspondentes no orzamento municipal de cada ano e a aprobación, no seu caso, das bases que rexan a convocatoria de subvencións en caso de concorrencia competitiva, ou, en casos específicos, das ordenanzas que conteñan as bases reguladoras da súa concesión, ou o acordo que aprobe a concesión directa.

Toda concesión de subvención queda supeditada ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria, sustentabilidade financeira e da regra de gasto.

Os custos en cada caso limítanse á cantidade que anualmente se fixe no orzamento xeral do Concello de Sada.

Non poderán outorgarse subvencións por contía superior á que se determine. En todo caso, os créditos teñen carácter limitativo e vinculante, polo que non poderán adquirirse compromisos de gasto superiores ao seu



importe.

Financiamento.

As subvencións a que fai referencia este plan estratéxico fináncianse con cargo aos créditos correspondentes do orzamento municipal, consignados nas aplicacións orzamentarias que se especifican no mesmo.

11. CONTROL E SEGUIMENTO.

Control do Plan Estratéxico.

O control e seguimento do presente plan estratéxico de subvencións do Concello de Sada realizarase de forma anual, en dous aspectos:

1. Control económico - financeiro das subvencións concedidas, que está encomendado á Intervención do Concello de Sada, que se realizará nas condicións recollidas na lexislación vixente e cos procedementos que se determinen por parte da intervención xeral.
2. Control e seguimento do plan. Este plan estratéxico debe ser revisado ao obxecto de:
 - Modificar ou actualizar as liñas de subvención que puidesen perder a súa vixencia, ou que non sexan eficaces para o cumprimento dos obxectivos.
 - Actualizar os importes daquelas que se manteñan.
 - Incluír novas liñas de actuación que se consideren necesarias para a consecución dos obxectivos previamente establecidos.

Este seguimento realizarase anualmente pola área municipal ao que se encomende o seguimento do Plan, para o que cada Área procederá a remitir nos prazos establecidos en cada subvención unha memoria xustificativa coas seguintes especificacións:

- Información de cada liña e tipo de subvención, que recollerán as subvencións concedidas, xustificadas, as renunciadas e as reintegradas (ou en procedemento de reintegro).
- O grao de cumprimento dos seus obxectivos específicos, do seu prazo de consecución. A tales efectos, para cada liña de subvención deberanse determinar os indicadores de cumprimento dos seus obxectivos.
- Repercusións orzamentarias e financeiras que se derivan da aplicación do plan.
- Conclusións ou valoración global.
- Suxestións para a elaboración do seguinte plan estratéxico de subvencións.

Do conxunto das memorias darase conta a Pleno.

Seguimento do Plan Estratéxico: Indicadores de cumprimento de obxectivos.

Os indicadores establecidos para cada unha das liñas contrastaranse cos indicadores obtidos no exercicio anterior, entendendo cumprido o obxectivo cando a variación daquel non supere o 10% (-10%).

Valorarase a modificación ou supresión daquelas liñas de subvención cuxo resultado medio do tres últimos exercicios superen o 10%, debendo ser motivado no seu caso, o mantemento das mesmas.

12. TRANSPARENCIA DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONES



En aras a dar cumprimento ao principio de transparencia todas as subvencións concedidas polo concello, en cada unha das súas liñas estratéxicas, programas de axuda e convocatorias serán publicadas anualmente na web municipal, no portal de transparencia, así como na Base Nacional de Subvencións de conformidade co establecido no artigo 20 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, con indicación da entidade receptora, contía da mesma e proxecto ou acción á que vai destinada. A tales efectos, determinarase a área responsable da remisión da devandita información e o procedemento para levalo a cabo.

Documento asinado dixitalmente polo Alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, na data da sinatura dixital.

ANEXO AO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS PERÍODO 2023.

LIÑA ESTRATÉXICA 1: PROMOCIÓN ECONÓMICA

Obxectivos estratéxicos	Apoiar o desenvolvemento económico e social de Sada mediante a promoción comercial, empresarial e turística.
Obxectivos específicos	<ol style="list-style-type: none">1. Apoio aos autónomos e pemes.2. Impulsar actividades que favorezan a dinamización económica.3. Mellora e recuperación do sector empresarial e protección do emprego tralo Covid-19.
Liñas de subvención nas que se concreta o plan de actuación	Non hai disposta ningunha previsión orzamentaria para liñas de subvención nesta área polo momento

LIÑA ESTRATÉXICA 2: ACCIÓN SOCIAL

Obxectivos estratéxicos	Favorecer a autonomía, a protección e a inclusión de persoas e colectivos en situación de dependencia, vulnerabilidade ou risco de desprotección e de exclusión social.
Obxectivos específicos	<ol style="list-style-type: none">1. Promover a autonomía e atención das persoas en situación ou risco de dependencia co fin de evitar situación de illamento e soidade favorecendo a permanencia deste colectivo no seu entorno habitual.2. Promover a integración social de persoas e colectivos máis desfavorecidos e fomentar o debate na sociedade sobre a realidade das persoas que viven en risco de exclusión social.
Liñas de subvención nas que se concreta o plan de actuación	LS 2.1 Axudas emerxencia social. LS 2.2 Apoio a programas que promovan a autonomía da persoa.

LS 2.1 Axudas emerxencia social.

Áreas de competencia afectadas	SERVIZOS SOCIAIS
Sectores aos que se dirixen as axudas	Persoas e colectivos en situación de dependencia, vulnerabilidade ou risco de desprotección e de exclusión social.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2023/G010/000015

Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	Promover la autonomía e atención de persoas en risco de exclusión social favorecendo a permanencia deste colectivo no seu entorno habitual.
Efectos que se pretenden coa súa aplicación	
Prazo necesario para a súa consecución	Indeterminado
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento	Orzamento 2022 prorrogado. Previsión: 2023. Partida orzamentaria 2310.48001, 60.000€
Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención identificadas no plan	Réxime de concesión directa. As solicitudes presentaranse conforme ao regulamento. Presentadas as solicitudes en forma, previo informe dos servizos sociais, resolverase sobre a concesión das axudas por Resolución de Alcaldía. A xustificación da actuación subvencionable presentarse despois e adoptará a forma de conta xustificativa coa documentación que se esixa nas bases
Réxime de seguimento e avaliación	<ul style="list-style-type: none">- % de beneficiarios que se reinsertaron seguindo algún plan proposto por servizos sociais.- % de beneficiarios que se melloraron a súa situación por outros medios diferentes á subvención seguindo algún plan proposto por servizos sociais.- Nº de solicitudes tramitadas.- % de solicitudes denegadas.
Resultados da avaliación	No prazo dun mes dende o remate da anualidade. Darase conta ao Pleno.

LS 2.2 Apoio a programas que promovan a autonomía das persoas.

Áreas de competencia afectadas	SERVIZOS SOCIAIS
Sectores aos que se dirixen as axudas	Entidades sen ánimo de lucro que directa ou indirectamente desenvolvan accións ou programas dirixidos a persoas en risco ou situación de dependencia.
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	<ol style="list-style-type: none">1. Promover a colaboración.2. Promover a autonomía e atención de persoas en risco de dependencia co fin de evitar situación de illamento, favorecendo a permanencia deste colectivo no seu entorno habitual.
Efectos que se pretenden coa súa aplicación	Contribución á mellora da calidade de vida de aquelas persoas en situación de risco de dependencia facilitando a súa socialización no seu entorno habitual
Prazo necesario para a súa consecución	Indeterminado
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento	Orzamento 2022 prorrogado. Previsión: 2023. Partidas orzamentarias: 2310.48000 Aspace, traslados usuarios empadroados en Sada, 6.000€ Aspace patronato, actividades da Fundación, 1.200€ Cáritas, bolsa de alimentos, 3.000€ Cruz Vermella, financiamento de actividades e gastos de funcionamento, 3.000€.
Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención identificadas no plan	Subvencións nominativas. Aprobado o orzamento municipal e as subvencións nominativas correspondentes elaborárase un convenio para fixar as condicións de realización e requisitos a cumprir pola entidade beneficiaria para o abono da axuda prevista. Aprobado e asinado por ambas partes procederase ao abono na forma fixada no convenio. Unha vez executado o programa xustificárase a subvención na forma prevista.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2023/G010/000015

Réxime de seguimento e avaliación	- % de beneficiarios por axuda. - % de beneficiarios que se melloraron a súa situación persoal con respecto ao ano anterior.
Resultados da avaliación	No prazo dun mes dende o remate da anualidade. Darase conta ao Pleno.

LIÑA ESTRATÉXICA 3: CULTURA, LECER E ACTIVIDADES FESTIVAS

Obxectivos estratéxicos	Apoiar, difundir e promover a tradición e cultura galega e sadense a través do fomento de actividades que aportan un maior valor cultural ao municipio.
Obxectivos específicos	Apoiar actividades socioculturais que favorezan o desenvolvemento comunitario e a interculturalidade. Fomentar a programación anual de entidades que desenvolvan ao longo do ano actividades no sector das artes escénicas ou a celebración de festivais. Apoiar a participación cidadá na celebración de festas populares e mantemento das tradicións de Sada e as súas parroquias. Apoiar a realización de investimentos relacionados coa organización das actividades sinaladas nos anteriores puntos.
Liñas de subvención nas que se concreta o plan de actuación	LS 3.1 Subvencións dirixidas ás entidades sen ánimo de lucro do Concello de Sada para a organización de actividades culturais. LS 3.2 Subvencións dirixidas ás entidades do Concello de Sada para a organización de festas patronais parroquiais. LS 3.3 Subvencións dirixidas ás entidades sen ánimo de lucro do Concello de Sada para realizar investimentos culturais. LS 3.4. Subvención nominativa a favor da Federación pola Cultura Marítima e Fluvial de Galicia (Culturmar) para organizar o XVI Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia en Sada no ano 2023

LS 3.1. Subvencións dirixidas ás entidades sen ánimo de lucro do Concello de Sada para organización de actividades culturais	
de competencia afectadas	CULTURA, FESTAS
Sectores aos que se dirixen as axudas	Entidades sen ánimo de lucro
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	1. Organizar actividades de promoción da cultura. 2. Fomentar a participación cidadá na cultura e na súa difusión. 3. Conservar as tradicións culturais nas disciplinas de música, danza, canto, memoria colectiva, etc. 4. Creación de eventos e espazos para a convivencia lúdica e cultural. 5. Colaboración entre administracións.
Efectos que se pretenden coa súa aplicación	Desenvolvemento cultural
Prazo necesario para a súa consecución	Indeterminado
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento	Orzamento 2022 prorrogado. Previsión 2023 partida orzamentaria 3340.48000, 20.000€
Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención identificadas no plan.	Réxime de concorrencia. Procédese á aprobación das bases da convocatoria polo Pleno e á súa convocatoria polo Alcalde. Presentadas as solicitudes en forma resolverase sobre a concesión das axudas por Resolución de Alcaldía. A xustificación da actuación subvencionable presentarase segundo o establecido nas bases e adoptará a forma de conta xustificativa coa documentación que se esixa



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2023/G010/000015

	nas mesmas.
Réxime de seguimento e avaliación	<ul style="list-style-type: none"> Nº de entidades beneficiarias Nº de participantes por cada actividade. Nº de accións de difusión realizadas. % de incremento de accións de difusión realizadas respecto ao ano anterior. % de incremento de participantes por acción respecto ao ano anterior.
Resultados da avaliación	No prazo dun mes dende o remate do prazo de xustificación. Darase conta ao Pleno.

LS 3.2. Subvencións dirixidas ás entidades do Concello de Sada para organización de festas patronais parroquiais	
Áreas de competencia afectadas	CULTURA, FESTAS
Sectores aos que se dirixen as axudas	Entidades do Concello de Sada organizadoras de festas patronais parroquiais
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	<ol style="list-style-type: none"> Organizar celebracións e festexos da festividade patronal de cada parroquia. Fomentar a colaboración cidadá coa posta en marcha de proxectos do interese da parroquia. Conservar as tradicións culturais a través dos festexos populares e da memoria colectiva. Creación de eventos e espazos para a convivencia lúdica e cultural. Colaboración entre administracións.
Efectos que se pretenden coa súa aplicación	Desenvolvemento de festexos populares
Prazo necesario para a súa consecución	Indeterminado
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento	Orzamento 2022 prorrogado. Previsión 2023, partida orzamentaria 338.48000, 15.000 euros
Plan de acción	Réxime de concorrencia. Procédese á aprobación das bases da convocatoria polo Pleno e á súa convocatoria polo Alcalde. Presentadas as solicitudes en forma resolverase sobre a concesión das axudas por Resolución de Alcaldía. A xustificación da actuación subvencionable presentarase segundo o establecido nas bases e adoptará a forma de conta xustificativa coa documentación que se esixa nas mesmas.
Réxime de seguimento e avaliación	<ul style="list-style-type: none"> Nº de entidades beneficiarias Nº de participantes por cada evento. Nº de eventos realizados. % de incremento de eventos realizados con respecto ao ano anterior. % de incremento de participantes por evento respecto ao ano anterior.
Resultados da avaliación	No prazo dun mes dende o remate do prazo de xustificación. Darase conta ao Pleno.

LS 3.3. Subvencións dirixidas ás entidades sen ánimo de lucro do Concello de Sada para realizar investimentos culturais		IMPORTE
Áreas de competencia afectadas	CULTURA, FESTAS	10.000 euros
Sectores aos que se dirixen as axudas	Entidades sen ánimo de lucro	



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2023/G010/000015

Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	<ol style="list-style-type: none"> 1. Apoiar e promover a acción cultural do tecido asociativo municipal axudando a que acaden os obxectivos propios dos seus estatutos. 2. Ampliar e mellorar os equipamentos culturais no ámbito municipal ao servizo da promoción cultural. 3. Fortalecer a capacidade de actuación do tecido asociativo cultural municipal, a través da mellora da súa dotación de equipamento propio para desenvolver proxectos culturais. 4. Dotar ás entidades sen ánimo de lucro do eido cultural municipal de equipamentos e bens que sexan directamente necesarios para a realización de actividades culturais. 5. Fomentar a participación da cidadanía na vida cultural. 	
Efectos que se pretenden coa súa aplicación	Desenvolvemento cultural	
Prazo necesario para a súa consecución	Indeterminado	
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento	Orzamento 2022 prorrogado. Previsión 2023, partida orzamentaria 3340.780000, 10.000 euros	
Plan de acción	Réxime de concorrencia. Procédese á aprobación das bases da convocatoria polo Pleno e á súa convocatoria polo Alcalde. Presentadas as solicitudes en forma resolverase sobre a concesión das axudas por Resolución de Alcaldía. A xustificación da actuación subvencionable presentarase segundo o establecido nas bases e adoptará a forma de conta xustificativa coa documentación que se esixa nas mesmas.	
Réxime de seguimento e avaliación	<ul style="list-style-type: none"> -Núm. de solicitudes recibidas e núm. de entidades beneficiarias. -Núm. de actuacións subvencionadas para a adquisición de bens ou para melloras en instalacións, realizadas polas entidades beneficiarias, así como características dos mesmos. -Repercusión secundaria: % de aumento sobre o número de actividades culturais organizadas polas entidades beneficiarias. -% de redución do gasto externo das entidades culturais en contratacións de equipamentos necesarios para a organización de actividades culturais. -Importe final en relación co orzamento previsto. -Importe medio da achega pública e importe medio do investimento das beneficiarias. 	
Resultados da avaliación	No prazo dun mes dende o remate do prazo de xustificación. Darase conta ao Pleno.	

LS 3.4. Subvención nominativa a favor da Federación pola Cultura Marítima e Fluvial de Galicia (Culturmar) para organizar o XVI Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia en Sada no ano 2023	
Áreas de competencia afectadas	CULTURA
Sectores aos que se dirixen as axudas	Entidades culturais
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	<ol style="list-style-type: none"> 1. Achegar o patrimonio marítimo ao gran público. 2. Implicar á poboación e ao asociacionismo en particular a prol da conservación e salvagarda do patrimonio marítimo de Galicia. 3. Organizar actividades de integración social, convivencia, divulgación cultural e de turismo sostible arredor da cultura marítima e fluvial galegas. 4. Divulgar, conservar e salvagardar o patrimonio cultural material e inmaterial de Galicia no eido da cultura mariñeira. 5. Preservar a organización periódica do Encontro de Embarcacións



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2023/G010/000015

	Tradicional de Galicia, iniciado no ano 1993, como plataforma para defender, divulgar e dinamizar o patrimonio marítimo de Galicia. 6. Por en marcha iniciativas que impliquen a participación da cidadanía na creación cultural ou no coñecemento e goce das manifestacións culturais. 7. Impulsar e/ou conservar as nosas tradicións culturais, a través de disciplinas como a música, a danza, o canto, a memoria colectiva, etc. 8. Dar resposta ás demandas sociais en relación á creación de eventos e espazos para a convivencia lúdica e a recreación. Apoiar a educación.
Efectos que se pretenden coa súa aplicación	Organización e realización do XVI Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia, entre o 3 e o 6 de agosto en Sada, incluíndo entre outras aquelas derivadas da organización do III Convoi Tesa a Escota (navegación conxunta con rumbo a Sada e en condicións de seguridade das embarcacións participantes no XVI Encontro), así como da atención e manutención exclusiva para tripulacións, organización e voluntariado participante no XVI Encontro, incluíndo a dotación necesaria a tal fin
Prazo necesario para a súa consecución	Ano 2023
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento	Orzamento 2022. prorrogado Previsión: 2023. 30.000 euros
Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención identificadas no plan	Subvención nominativa . Aprobado o orzamento municipal e as subvencións nominativas correspondentes elaborárase un convenio para fixar as condicións de realización e requisitos a cumprir pola entidade beneficiaria para o abono da axuda prevista. Aprobado e asinado por ambas partes procederase ao abono na forma fixada no convenio. Unha vez executado o programa xustificárase a subvención na forma prevista.
Réxime de seguimento e avaliación	- Nº de beneficiarios da subvención. - % de cada tipo de axuda sobre o total. - % de beneficiarios indirectos por cada tipo de axuda.
Resultados da avaliación	No prazo dun mes dende o remate do prazo de xustificación. Darase conta ao Pleno.

LIÑA ESTRATÉXICA 4: PROMOCIÓN DO DEPORTE

Obxectivos estratéxicos	Apoiar, difundir e promover o deporte, adestramento e sacrificio e as prácticas saudables entre a poboación e especialmente entre a xuventude.
Obxectivos específicos	1. Apoiar o desenvolvemento de eventos e actividades deportivas oficiais a nivel comunitario, nacional ou internacional. 2. Fomentar o deporte. 3. Promover a representación deportiva de Sada nos eventos deportivos
Liñas de subvención nas que se concreta o plan de actuación	LS 4.1. Bolsas para deportistas de nivel do Concello de Sada. LS 4.2. Subvencións dirixidas ás entidades deportivas do Concello de Sada. LS 4.3. Subvencións dirixidas ás entidades sen ánimo de lucro do Concello de Sada para realizar investimentos deportivos.

LS 4.1 Bolsas para deportistas de nivel do Concello de Sada.

Áreas de competencia afectadas	DEPORTE, SAÚDE
--------------------------------	----------------



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2023/G010/000015

Sectores aos que se dirixen as axudas	Deportistas individuais participantes en competicións deportivas oficiais a nivel comunitario, nacional ou internacional, de disciplinas recoñecidas pola Federación Galega de Deportes ou polo Consello Superior de Deportes.
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	1. Apoiar o desenvolvemento de eventos e actividades deportivas oficiais a nivel comunitario, nacional ou internacional. 2. Fomentar o deporte. 3. Promover a representación deportiva de Sada nos eventos deportivos. 4. Fomentar o traballo en equipo
Efectos que se pretenden coa súa aplicación	Práctica de deporte
Prazo necesario para a súa consecución	Indeterminado
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento	Orzamento 2022 prorrogado. Previsión: 2023. Partida orzamentaria: 341.48000, 10.500€.
Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención identificadas no plan	Réxime de concorrencia. Procédese á aprobación das bases da convocatoria polo Pleno e á súa convocatoria polo Alcalde. Presentadas as solicitudes en forma resolverase sobre a concesión das axudas por Resolución de Alcaldía. A xustificación da actuación subvencionable presentarase segundo o establecido nas bases e adoptará a forma de conta xustificativa coa documentación que se esixa nas mesmas.
Réxime de seguimento e avaliación	<ul style="list-style-type: none">- Nº de deportistas beneficiarios.- Nº de competicións nas que se participou.- Nº de deportes promovidos.- % de beneficiarios participantes en competicións internacionais.- % de beneficiarios participantes en competicións nacionais.- % de beneficiarios participantes en competicións galegas.- % de beneficiarios participantes en competicións provinciais.- % de incremento de beneficiarios por deporte respecto do ano anterior.- Nº de premios recibidos polos beneficiarios.
Resultados da avaliación	No prazo dun mes dende o remate do prazo de xustificación. Darase conta ao Pleno.

LS 4.2 Subvencións dirixidas ás entidades deportivas do Concello de Sada.

Áreas de competencia afectadas	DEPORTE, SAÚDE
Sectores aos que se dirixen as axudas	Entidades deportivas do Concello de Sada sen ánimo de lucro.
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	1. Apoiar o desenvolvemento de eventos e actividades deportivas oficiais a nivel comunitario, nacional ou internacional. 2. Fomentar o deporte. 3. Promover a representación deportiva de Sada nos eventos deportivos. 4. Fomentar o traballo en equipo
Efectos que se pretenden coa súa aplicación	Práctica de deporte
Prazo necesario para a súa consecución	Indeterminado
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento	Orzamento 2022 prorrogado. Previsión: 2023. Partida orzamentaria: 341.48000, 63.500€.
Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención identificadas no plan	Réxime de concorrencia. Procédese á aprobación das bases da convocatoria polo Pleno e á súa convocatoria polo Alcalde. Presentadas as solicitudes en forma resolverase sobre a concesión das axudas por Resolución de Alcaldía. A xustificación da actuación subvencionable presentarase segundo o establecido nas bases e adoptará a forma de conta xustificativa coa documentación que se esixa nas mesmas.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2023/G010/000015

Réxime de seguimento e avaliación	<ul style="list-style-type: none"> - Nº de entidades beneficiarias. - Nº de deportistas que aglutina cada entidade beneficiaria. - Nº de competicións nas que participou cada entidade. - Nº de deportes promovidos. - % de beneficiarios participantes en competicións internacionais. - % de beneficiarios participantes en competicións nacionais. - % de beneficiarios participantes en competicións galegas. - % de beneficiarios participantes en competicións provinciais. - % de beneficiarios participantes en competicións locais. - % de incremento de beneficiarios por deporte respecto do ano anterior. - Nº de premios recibidos polos beneficiarios.
Resultados da avaliación	No prazo dun mes dende o remate do prazo de xustificación. Darase conta ao Pleno.

LS 4.3 Subvencións dirixidas ás entidades sen ánimo de lucro do Concello de Sada para realizar investimentos deportivos.

Áreas de competencia afectadas	DEPORTE
Sectores aos que se dirixen as axudas	Entidades sen ánimo de lucro.
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	<ol style="list-style-type: none"> 1. Apoiar e promover a acción deportiva do tecido asociativo municipal axudando a que acaden os obxectivos propios dos seus estatutos 2. Ampliar e mellorar os equipamentos do deporte no ámbito municipal ao servizo da promoción deportiva. 3. Fomentar a participación da cidadanía no deporte.
Efectos que se pretenden coa súa aplicación	Desenvolvemento e promoción deportiva
Prazo necesario para a súa consecución	Indeterminado
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento	Orzamento 2022 prorrogado. Previsión: 2023. Partida orzamentaria: 341.78000, 25.000€.
Plan de acción	Réxime de concorrencia competitiva
Réxime de seguimento e avaliación	<ul style="list-style-type: none"> - Núm. de solicitudes recibidas e núm. de entidades beneficiarias - Núm. de actuacións subvencionadas para a adquisición de bens ou para melloras en instalacións, realizadas polas entidades beneficiarias, así como características dos mesmos. - % de redución do gasto externo das entidades deportivas en contratacións de equipamentos necesarios para organizar actividades deportivas.
Resultados da avaliación	No prazo dun mes dende o remate do prazo de xustificación. Darase conta ao Pleno.

LIÑA ESTRATÉXICA 5: EDUCACIÓN

Obxectivos estratéxicos	Potenciar actividades formativas e outro tipo de actividades de crecemento persoal baseado en valores como complemento da educación, favorecendo a participación das familias na vida escolar.
Obxectivos específicos	<ol style="list-style-type: none"> 1. Potenciar a figura das ANPAS e dos centros educativos públicos de Sada e apoiar a realización doutras actividades que propicien a participación e o encontro entre os alumnos. 2. Apoiar ás familias nos custos derivados da educación. 3. Fomento de actividades extraescolares.
Liñas de subvención nas que se concreta o plan de actuación	LS 5.1. Subvención para afrontar os gastos que orixina o comezo do curso escolar.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2023/G010/000015

	LS 5.2. Axudas transporte escolar. LS 5.3. Axudas a entidades educativas.
--	--

LS 5.1 Subvención para afrontar os gastos que orixina o comezo do curso escolar.

Áreas de competencia afectadas	EDUCACIÓN
Sectores aos que se dirixen as axudas	Familias con membros que cursen algún dos seguintes estudos: * Educación Infantil. * Educación Primaria. * FP Básico. * Educación secundaria (ESO e ESA).
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	1. Apoiar a educación. 2. Apoiar os gastos que as familias realicen na educación obrigatoria propiciando a solidariedade e a integración de todo o alumnado.
Efectos que se pretenden coa súa aplicación	Dotar ás familias das condicións básicas para a educación dos seus fillos.
Prazo necesario para a súa consecución	Indeterminado
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento	Orzamento 2022 prorrogado. Previsión: 2023. Partida orzamentaria: 326.48013, 12.000€.
Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención identificadas no plan	Réxime de concorrencia. Procédese á aprobación das bases da convocatoria polo Pleno e á súa convocatoria polo Alcalde. Presentadas as solicitudes en forma resolverase sobre a concesión das axudas por Resolución de Alcaldía. A xustificación da actuación subvencionable presentarase segundo o establecido nas bases e adoptará a forma de conta xustificativa coa documentación que se esixa nas mesmas.
Réxime de seguimento e avaliación	- Nº de beneficiarios da subvención. - % de cada tipo de axuda sobre o total. - % de axudas concedidas a cada nivel formativo.
Resultados da avaliación	No prazo dun mes dende o remate do prazo de xustificación. Darase conta ao Pleno.

LS 5.2 Axudas transporte escolar.

Áreas de competencia afectadas	EDUCACIÓN
Sectores aos que se dirixen as axudas	Familias con membros que cursen algún dos seguintes estudos dentro ou fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, empadroados en Sada: * Educación secundaria (ESO e ESA). * Bacharelato- FP/Ciclos formativos. * Estudos universitarios. * Calquera estudo oficial homologado a nivel estatal.
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	1. Apoiar a educación. 2. Apoiar os gastos que as familias realicen na educación obrigatoria propiciando a solidariedade e a integración de todo o alumnado.
Efectos que se pretenden coa súa aplicación	Dotar ás familias das condicións básicas para a educación dos seus fillos.
Prazo necesario para a súa consecución	Indeterminado
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento	Orzamento 2022 prorrogado. Previsión: 2023. Partida orzamentaria: 326.48011, 12.000€.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2023/G010/000015

Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención identificadas no plan	Réxime de concorrencia. Procédese á aprobación das bases da convocatoria polo Pleno e á súa convocatoria polo Alcalde. Presentadas as solicitudes en forma resolverase sobre a concesión das axudas por Resolución de Alcaldía. A xustificación da actuación subvencionable presentarase segundo o establecido nas bases e adoptará a forma de conta xustificativa coa documentación que se esixa nas mesmas.
Réxime de seguimento e avaliación	<ul style="list-style-type: none">- Nº de beneficiarios da subvención.- % de cada tipo de axuda sobre o total.- % de axudas concedidas a cada nivel formativo.
Resultados da avaliación	No prazo dun mes dende o remate do prazo de xustificación. Darase conta ao Pleno.

LS 5.3 Axudas a entidades educativas.

Áreas de competencia afectadas	EDUCACIÓN
Sectores aos que se dirixen as axudas	Entidades educativas
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	<ol style="list-style-type: none">1. Apoiar a educación.2. Apoiar os programas e actividades complementarias que promovan o valor como diálogo, o valor da convivencia, o valor da solidariedade e a conciliación da vida laboral e familiar.
Efectos que se pretenden coa súa aplicación	Estimular ao alumnado e aumentar o grado de convivencia entre eles, promovendo valores de solidariedade e integración. Consolidar a participación de pais e nais nos centros educativos
Prazo necesario para a súa consecución	Indeterminado
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento	Orzamento 2022. prorrogado Previsión: 2023. Partidas orzamentarias: 326.48016 ANPA Escola Infantil de Mondego, (2310.48000), 600 € ANPA Pedro Barrié de la Maza, 3.000 € CEIP Mosteirón, 3.000 €. ANPA Sada e Contornos, 3.500 €. ANPA Mosteirón, 3.000 €. IES Mosteirón, 1.500 €. CEIP Sada e Contornos, 3.000 €. CEIP Pedro Barrié de la Maza, 4.500 €. ANPA Virxe do Carme, 600 €. IES Isaac Díaz Pardo, 3.500 €. ANPA Isaac Díaz Pardo, 3.000 €. Total 32.200 €
Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención identificadas no plan	Subvencións nominativas. Aprobado o orzamento municipal e as subvencións nominativas correspondentes elaborárase un convenio para fixar as condicións de realización e requisitos a cumprir pola entidade beneficiaria para o abono da axuda prevista. Aprobado e asinado por ambas partes procederase ao abono na forma fixada no convenio. Unha vez executado o programa xustificárase a subvención na forma prevista.
Réxime de seguimento e avaliación	<ul style="list-style-type: none">- Nº de beneficiarios da subvención.- % de cada tipo de axuda sobre o total.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2023/G010/000015

	- % de beneficiarios indirectos por cada tipo de axuda.
Resultados da avaliación	No prazo dun mes dende o remate do prazo de xustificación. Darase conta ao Pleno.

LIÑA ESTRATÉXICA 6: COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO, IGUALDADE E PARTICIPACIÓN SOCIAL.

Obxectivos estratéxicos	Potenciar o desenvolvemento dos valores da solidariedade e igualdade.
Obxectivos específicos	1. Apoiar programas de cooperación internacional ao desenrolo e que promovan a solidariedade internacional e a transformación social baseados nun enfoque dos dereitos humanos. 2. Apoiar a igualdade de oportunidades.
Liñas de subvención nas que se concreta o plan de actuación	LS 6.1. Gastos derivados da execución do programa "Vacacións en Paz".

LS 6.1 Gastos derivados da execución do programa "Vacacións en Paz".

Áreas de competencia afectadas	SERVIZOS SOCIAIS
Sectores aos que se dirixen as axudas	Asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que teñan entre os seus obxectivos a realización de actividades de cooperación ao desenvolvemento e/ou sensibilización e educación ao desenvolvemento. Familias
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	1. Apoiar programas de Cooperación internacional ao desenvolvemento. 2. Fomentar accións locais que promovan os valores da solidariedade internacional, dereitos humanos ou axudas a colectivos máis desfavorecidos doutros países en desenvolvemento.
Efectos que se pretenden coa súa aplicación	Contribuír á mellora das condicións de vida das poboacións coas que se traballe e reforzar a educación e sensibilidade cos dereitos humanos.
Prazo necesario para a súa consecución	Indeterminado
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento	Orzamento 2022 prorrogado. Previsión: 2023. Partida orzamentaria: 2310.48000, Solidariedade galega do Pobo Saharauí, 2.000€.
Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención identificadas no plan	Subvencións nominativas. Aprobado o orzamento municipal e as subvencións nominativas correspondentes elaborárase un convenio para fixar as condicións de realización e requisitos a cumprir pola entidade beneficiaria para o abono da axuda prevista. Aprobado e asinado por ambas partes procederase ao abono na forma fixada no convenio. Unha vez executado o programa xustificárase a subvención na forma prevista.
Réxime de seguimento e avaliación	- N° de beneficiarios da subvención. - % de axudas concedidas sobre o ano anterior. - % de idades dos beneficiarios indirectos sobre o ano anterior.
Resultados da avaliación	No prazo dun mes dende o remate do prazo de xustificación. Darase conta ao Pleno.

3º.- PROPOSICIÓN: RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 2P/2023.

O presidente, sr. Portela Fernández (SM), xustifica a urxencia de someter ao Pleno esta proposta, relativa a un asunto que non foi previamente informado pola Comisión Informativa, na necesidade de pagar estas facturas que realmente xa tiñan crédito pero que non se trouxeron no primeiro recoñecemento extraxudicial nin se



trouxeron o mes pasado por condicionantes administrativos e querían pagar canto antes estas facturas de exercicios anteriores que tiñan crédito este ano.

Seguidamente procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 (7 SM, 4 UPSA, 4 PP e 1 GM).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobada a urxencia de incluír este punto na Orde do Día por unanimidade dos asistentes.

Consta no expediente a proposta da Alcaldía do 18 de outubro do 2023, que recolle:

«PROPOSTA DE ALCALDÍA

Recoñecemento extraxudicial de créditos 2P/2023

Na contabilidade municipal constan facturas e outros documentos xustificativos de gastos executados nos exercicios anteriores que por diversos motivos non puideron ser imputados ao orzamento do 2022.

O artigo 26.1 do R.D. 500/1990 establece que con carácter xeral os créditos do estado de gastos de cada orzamento solo poderán financiar gastos que se realicen no propio exercicio orzamentario, establecéndose como excepción, entre outras, o recoñecemento extraxudicial regulado no artigo 60.2 do propio R.D. 500/1990 para aqueles que non tiñan sido debidamente comprometidos. No dito precepto recóllese que corresponderá ao Pleno o recoñecemento extraxudicial sempre que non exista dotación orzamentaria. No presente expediente relacionase gasto nas ditas circunstancias por importe de 17.808,36 €

No actual orzamento en vigor non contempla crédito específico para gasto procedente de exercicios anteriores, sen prexuízo do expediente de modificación de crédito 34/23, actualmente pendente de aprobación definitiva. O importe incluído no presente expediente correspóndense co gasto para o que non se preveu financiamento específico no dito modificativo ao contar con retencións imputadas a créditos xenéricos do orzamento 2023

Finalmente, visto o informe da intervención municipal JPB293/2023, e os criterios xurídicos do Consello Consultivo da Galicia en relación a revisión de oficio dos actos que supoñan gasto incorrendo en incumprimentos da normativa de contratación, estímase adecuado o procedemento de recoñecemento extraxudicial para a tramitación dos incluídos no presente expediente;

Á vista de canto antecede, e sendo os gastos incluídos no mesmo esixibles polos provedores e sen perxuízo da incoación de procedementos de contratación conformes a Lei 9/2017 de contratos do sector público e a esixencia aos departamentos para a preceptiva tramitación da proposta de gasto esta alcaldía propón:

A autorización, disposición e recoñecemento da obriga polos gastos xustificados nas facturas e resto de documentos incluídos no presente expediente de recoñecemento extraxudicial polo que, segundo relación que se xunta, se imputa gasto procedente de exercicios anteriores ao orzamento corrente por importe de 17.808,36».

Intervenien a sra. Taibo Fernández (SM); e a sra. Arias Ferreiro (PP), quen anuncia a abstención do seu grupo.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (7 SM, 4 UPSA e 1 GM).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: 4 (4 PP).

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

Único.- A autorización, disposición e recoñecemento da obriga polos gastos xustificados nas facturas e resto de documentos incluídos no presente expediente de recoñecemento extraxudicial polo que, segundo relación que se xunta, se imputa gasto procedente de exercicios anteriores ao orzamento corrente por importe de 17.808,36.

4º.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.

A. Decretos e resolucións da Alcaldía ditados dende o 25 de setembro do 2023 (núm. 1805) ata o 20 de outubro do 2023 (núm. 1978).

Para os efectos previstos no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións e dos Decretos ditados pola Alcaldía dende o día 25 de setembro do 2023 (núm. 1805, do expediente 2023/G003/001883) ata o 20 de outubro do 2023 (núm. 1978, do expediente 2023/G003/002064), que foron postos de manifesto á secretaria da Corporación.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2023/G010/000015

O presidente, sr. Portela Fernández (SM), indica que non obstante os decretos e resolucións da Alcaldía se veñen estando a poñer a disposición tamén semanalmente.

B. Mocións.

Primeira.- Moción relativa á defensa e protección do sector pesqueiro e marisqueiro de Galicia.

O sr. Lonja Tajés (PP) xustifica a urxencia da moción, presentada polo grupo municipal do partido popular, que a se reproduce a continuación:

«MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DO CONCELLO DE SADA CON MOTIVO DA DEFENSA E PROTECCIÓN DO SECTOR PESQUEIRO E MARISQUEIRO DE GALICIA.

O Grupo Municipal Popular de Sada conforme ao previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, eleva ao Pleno a seguinte moción

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector marítimo-pesqueiro ten un valor fundamental para Galicia. Se tivéssemos que definir un trazo diferencial da economía galega sobre a española e a europea, este sería a importancia na nosa economía da pesca, do marisqueo e da acuicultura, ao que habería que engadir toda unha importante cadea mar-industria. Unha actividade estratéxica e vital que constitúe o epicentro de todas e cada unha das políticas públicas postas en marcha desde o Goberno galego.

Non existe ningún país europeo no que as actividades primarias do sector pesqueiro e a súa capacidade de indución de actividade industrial teñan un peso tan relevante no PIB, acadando o complexo mar-industria o 4,8% (o sector extractivo chega ao 2,1%) e englobando a nivel laboral a máis de 50.000 persoas con empregos directos. Este conxunto de datos leva a que o Valor Engadido Bruto que xera a pesca e a acuicultura sexa en Galicia 25 veces superior ao da Unión Europea e máis de seis veces superior ao de España.

As últimas 'Táboas Input-Output da Pesca-Conserva Galegas 2019' certifican que desde 2011 o valor da produción do sector ascendeu preto dun 50% e que a suma da actividade da cadea extractiva, do mar-industria e do comercio exterior pesqueiro de Galicia roldouse os 9.000 M€ en ingresos, acadando a cifra máis alta na historia. Ademais, certifícase que nove de cada dez actividades económicas na comunidade relaciónanse coa pesca e a cadea mar-industria.

A pesca, entendida como actividade económica xerada pola extracción, a acuicultura mariña, a piscicultura, o marisqueo e todo o procesado dos produtos pesqueiros, marisqueiros e acuícolas, é considerada polo Goberno de Galicia como un sector estratéxico, tanto polo seu peso económico como pola súa dimensión social.

Así, a publicación por parte do Goberno do Estado dos Plans de Ordenación do Espazo Marítimo (POEM) supuxo un xarro de auga fría para o sector pesqueiro, pois se trata dunha planificación que no seu deseño non contou cun diálogo coas CCAA e os sectores implicados.

Lembrar que a Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia (en adiante, LOXILGA) recoñece entre os fins perseguidos, o apoio ao sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola de Galicia, mediante accións de ordenación do litoral que favorezan o mantemento das poboacións litorais que viven do mar e garantan o desenvolvemento das súas actividades por medio da explotación sustentable, equilibrada e responsable dos recursos, baseada nun asesoramento científico sólido e tendo en conta os aspectos ambientais, económicos e sociais

A lei recoñece o uso pesqueiro, marisqueiro e acuícola como estratéxico e prioritario para o desenvolvemento sustentable do litoral, e así o dispoñerán os plans de ordenación do litoral que se aproben, os cales establecerán un réxime de zonificación e de uso que garanta o acceso e a permanencia das embarcacións galegas aos caladoiros cuxa regulación sexa de competencia autonómica.

Asemade, velarase pola sustentabilidade deste sector marítimo-pesqueiro a través do informe de impacto económico e social, como unha das principais ferramentas desta lei.

Deste xeito, as actuacións que pretendan levarse a cabo no litoral de Galicia por calquera suxeito público ou privado, susceptibles de interferir no exercicio das competencias exclusivas da Comunidade Autónoma de Galicia, ben directamente ou ben por efecto da interacción terra-mar, deberán contar con dito informe de carácter previo e, se for o caso, adoptar ou exixir a adopción de medidas preventivas ou reparadoras, de conformidade cos criterios de sustentabilidade do litoral que se determinen.

O pasado 10 de outubro, o Goberno central en funcións anunciou a interposición dun recurso de inconstitucionalidade ante o Tribunal Constitucional, contra a LOXILGA.

A suspensión da lei supón a paralización das concesións no litoral e dos sistemas de depuración de augas, poñendo en risco a viabilidade de preto de 4.000 edificacións e centos de empresas que operan na costa, e prexudicando directamente a millón e medio de galegos e galegas que viven na nosa costa.

É importante lembrar que a LOXILGA se puxo en marcha para poñer fin a situacións incomprensibles que trataban de borrar toda presenza humana do litoral e que se aprobou para aportar seguridade xurídica ás empresas.

Desde Galicia non se entende a decisión do Goberno Central en funcións de recurrir a lei e de atacar as competencias de Galicia. Non se trata dunha lei política, senón dunha lei que persigue a xestión sustentable, no ambiental e no socioeconómico, da costa de Galicia promulgada desde onde mellor se coñece, Galicia.



Por todo o exposto, e ante a relevancia desta cuestión para Galicia:

O Concello de Sada amosa:

1. O seu apoio ao sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola de Galicia, e ás accións de ordenación do litoral que favorecen o mantemento das poboacións litorais que viven do mar, garantindo o desenvolvemento das súas actividades por medio da explotación sustentable, equilibrada e responsable dos recursos, baseada nun asesoramento científico sólido e tendo en conta os aspectos ambientais, económicos e sociais.
2. O seu rexeitamento ante o recurso de inconstitucionalidade presentado contra a LOXILGA (Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia) instando ao Goberno central a reconsiderar a súa decisión, xa que pon en perigo o recoñecemento do uso pesqueiro, marisqueiro e acuícola como estratéxico e prioritario para o desenvolvemento sustentable do litoral».

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (7 SM, 4 PP e 1 GM).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: 4 (4 UPSA).

Resultando aprobada a urxencia por maioría absoluta dos asistentes.

Interveñen no debate o sr. Lonja Tajés (PP), quen dá lectura á moción; o sr. Graña Mosquera (GM), quen anuncia que ha votar en contra; o sr. García López (UPSA), quen anuncia que o seu grupo hase abster; o sr. Villar López (SM), quen propón modificar a moción eliminando o segundo punto, mantendo o primeiro, para poder emitir un voto favorable; novamente os sres. Lonja, Graña e Villar; e a sra. Arias Ferreiro (PP), quen indica que non aceptan a emenda proposta.

A continuación, procédese á votación da moción, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 4 PP.
- Votos en contra: 8 (7SM e 1 GM).
- Abstencións: 4 UPSA.

Resultando rexeitada por maioría simple dos asistentes a adopción do seguinte acordo:

O Concello de Sada amosa:

- 1.- O seu apoio ao sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola de Galicia, e ás accións de ordenación do litoral que favorecen o mantemento das poboacións litorais que viven do mar, garantindo o desenvolvemento das súas actividades por medio da explotación sustentable, equilibrada e responsable dos recursos, baseada nun asesoramento científico sólido e tendo en conta os aspectos ambientais, económicos e sociais.
- 2.- O seu rexeitamento ante o recurso de inconstitucionalidade presentado contra a LOXILGA (Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia) instando ao Goberno central a reconsiderar a súa decisión, xa que pon en perigo o recoñecemento do uso pesqueiro, marisqueiro e acuícola como estratéxico e prioritario para o desenvolvemento sustentable do litoral.

Segunda.- Moción relativa á necesidade da creación dun CIM.

A sra. Arias Ferreiro (PP) xustifica a urxencia da moción, presentada polo grupo municipal do partido popular, que a continuación se reproduce literalmente:

«MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DO CONCELLO DE SADA CON MOTIVO DA NECESIDADE DE CREACIÓN DUN CIM.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Octubre nos ha recordado el día de la salud mental, el día de la niña y el día mundial contra el cáncer de mama entre otros y en unas semanas llegará el 25 N, Día Internacional de la Eliminación de la Violencia contra las Mujeres.

Pero hace falta mucho más que un día, una foto, un titular o vestirnros de un color determinado para lograr los objetivos de estas conmemoraciones.

Necesitamos recursos

que independientemente del día, asesoren, informen y ayuden de manera permanente.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2023/G010/000015

Uno de esos recursos que podríamos tener aquí en Sada son los centros de información de la mujer.

Un CIM es un recurso de información, atención y asesoramiento a mujeres, colectivo LGBT +, así como a cualquier persona, en asuntos relacionados con la promoción social de igualdad de género.

Cada vez más jóvenes adolescentes necesitan orientación y apoyo, pues viven situaciones de acoso, u otros tipos de violencia que afectan a su bienestar físico y emocional y necesitan tener un punto de referencia al que acudir de ser el caso.

Contar con un CIM en nuestro ayuntamiento facilitará el acceso a servicios de atención psicológica, asesoramiento legal y orientación laboral, entre otros, a todas las personas, familias o colectivos que los necesiten de manera gratuita y a lo largo de toda la semana de mañana y tarde dentro de un horario establecido.

Solo así se puede hacer frente a las necesidades que surgen sin cita previa y que requieren atención urgente.

Actualmente el CIM de referencia está en Coirós, por lo que esta atención podría ser mayor si se contase con un centro más accesible situado en Sada.

En una población entorno a los 17.000 habitantes no se entiende que no se haya creado ya hace años

"El artículo 14 de la Constitución española proclama el derecho a la igualdad y a la no discriminación por razón de sexo. Por su parte, el artículo 9.2 consagra la obligación de los poderes públicos de promover las condiciones para que la igualdad del individuo y de los grupos en que se integra sean reales y efectivas, por lo que partiendo de lo recogido en el Plan de igualdad del concello y contribuyendo a que no quede en una mera declaración de intenciones, hacemos este ruego para que en los próximos presupuestos se tenga en cuenta la creación de un CIM en Sada, el cual una vez creado, en solo tres meses lo acreditará la Xunta si cumple los requisitos que recoge el DECRETO 130/2016, de 15 de septiembre.

Los centros de información a la mujer (CIM) son recursos de iniciativa municipal que están siendo impulsados y apoyados por la Xunta.

Desde la Xunta se continuará con una nueva y ambiciosa línea de ayudas para que los ayuntamientos inviertan nuevos recursos en la mejora de las infraestructuras y equipamiento de los Centros de Información a la Mujer, dotada con 1,4 millones de euros.

Sada no está entre ellos porque no se ha solicitado.

La Xunta está trabajando con Fegamp para mejorar esta red de CIMs tanto para ampliar el mapa de recursos, la formación especializada continua del personal como para impulsar las mesas locales contra la violencia de género.

La colaboración entre administraciones, en este caso autonómica y local, es fundamental para trabajar por la igualdad y en la lucha contra la violencia de género.

Pero para poder beneficiarnos de todas estas ayudas hay que dar un primer paso y que el ayuntamiento cree este recurso y pida la acreditación correspondiente.

Por todo esto y para promover una igualdad real y efectiva en nuestro concello, proponemos los siguientes

ACUERDOS:

1.- La necesidad de crear un Centro de Información a la Mujer en Sada .

2.- Contemplar en los próximos presupuestos la dotación económica necesaria para la creación de la infraestructura económica y personal que asegure la creación y acreditación del CIM.

Por una igualdad real y efectiva».

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 (7 SM, 4 UPSA, 4 PP e 1 GM).

- Votos en contra: Non se produciron.

- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobada a urxencia por unanimidade dos asistentes.

A sra. Arias Ferreiro (PP) dá lectura á dita moción, mais modificando a súa parte dispositiva, que fixa nos seguintes termos:

«**ACUERDO**

Iniciar un expediente para crear un Centro de Información a la Mujer (CIM) en Sada, contemplando en los próximos presupuestos la dotación económica necesaria para la creación de la infraestructura económica y personal que asegure la creación y acreditación del CIM».

Interveñen no debate o sr. Graña Mosquera (GM), quen propón emendar a moción engadíndolle *solicitar tamén dotación e recursos á Xunta de Galicia*; o presidente, sr. Portela Fernández (SM); a sra. Nogareda Marzoa (UPSA); a secretaria, que fai unha puntualización; novamente a sra. Arias; a sra. Martínez Abruñedo (SM), concelleira delegada da área de Benestar Social e Igualdade e Emprego, quen propón como alternativa a adopción do seguinte acordo:



«Estudar e avaliar a creación dun CIM en Sada previa solicitude aos técnicos de Servizos Sociais dun informe da necesidade real de contar con este servizo, que terá que ser ditaminado na Comisión de Servizos Sociais».

A sra. Arias explica por que non han aceptar a proposta efectuada polo grupo municipal de Sadamaioría; a sra. Salorio Porral (UPSA); novamente interveñen o presidente, sr. Portela; o sr. Graña, quen retira a súa proposta e di que se adhire á de Sadamaioría; e a sra. Arias, quen antes da súa votación volve ler o contido final da parte dispositiva da moción:

«Iniciar un expediente para crear un Centro de Información a la Mujer (CIM) en Sada, contemplando en los próximos presupuestos la dotación económica necesaria para la creación de la infraestructura económica y personal que asegure la creación y acreditación del CIM».

A continuación procédese á votación da moción, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (4 UPSA e 4 PP).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: 8 (7 SM e 1 GM).

Resultando aprobado por maioría simple dos asistentes a adopción do seguinte **ACORDO**:

Único.- Iniciar un expediente para crear un Centro de Información á Muller (CIM) en Sada, contemplando nos próximos orzamentos a dotación económica necesaria para a creación da infraestructura económica e persoal que asegure a creación e acreditación do CIM.

C. Rogos e preguntas.

O sr. Graña Mosquera (GM) fai os seguintes rogos e preguntas:

- 1º) Roga que se axilice o pagamento das subvencións, que di que lle consta que se comezaron a pagar.
- 2º) Pregunta pola suba da cota familiar e a mingua de horas de apertura e servizos da piscina municipal.
- 3º) Pregunta sobre cando e como está previsto expor o orzamento do vindeiro ano.

Contestan o presidente, sr. Portela Fernández, e a sra. Mouriño Neira, concelleira delegada da área de Deporte, Educación e Xuventude .

O sr. España López (PP), logo dunha alusión ao sr. Graña, pregunta por que quedou deserto por terceira vez o proxecto do complexo deportivo de Mondego, e se o goberno local segue a apostar por el.

Contesta o presidente, sr. Portela Fernández.

O sr. Lonja Tajés (PP) pregunta con relación os servizos básicos do concello polas bombas e as augas fecais, polo que di que xa se interesaron hai meses, preguntando cando se han reparar.

Contestan o sr. Fariña Andrade, concelleiro delegado da área de Obras e Servizos e Medio Ambiente, e o presidente, sr. Portela Fernández.

A sra. Arias Ferreiro (PP) formula as seguintes preguntas:

- 1ª) Pregunta que é o que está a pasar coa auga, que di que sae cada vez con máis turbidez.

Contesta o sr. Fariña Andrade, concelleiro delegado da área de Obras e Servizos e Medio Ambiente.

- 2ª) Pregunta pola vixilancia do *Feirón*, polo que di que xa se interesaron con anterioridade.

Contesta o sr. Berrocal Fariña, concelleiro delegado dos servizos de Promoción Económica, Turismo e Participación Cidadá.

- 3ª) Pregunta tamén polo mercado municipal, que di que leva vinte anos nun local de maneira provisional, por se hai algunha previsión de cambio de localización.



A sra. Val Armesto (PP) efectúa un rogo con relación á zona de Posse, da que di que non conta con alumado público, na que o estado do asfalto é lamentable e na que tamén o chamado parque de Corbeiroa atópase nunha situación de abandono que dá noxo.

Intervén o sr. Fariña Andrade, concelleiro delegado da área de Obras e Servizos e Medio Ambiente, quen dá explicacións para os efectos.

A sra. Arias Ferreiro (PP) fai os seguintes rogos:

1º) Roga a execución dos avais con respecto dos camiños municipais afectados polas madeireiras, como os que cita dos Cucos, de Mondego ata Veigue, ou o dos Cabildos, en Castelo, e outros como en Carnoedo.

Intervén o sr. Fariña Andrade, concelleiro delegado da área de Obras e Servizos e Medio Ambiente, quen dá explicacións para os efectos.

2º) Roga que se suprima a obriga da cita previa para todo, que quedou dende as restricións debidas á crise sanitaria pola COVID-19.

Intervén para os efectos o sr. Villar López, concelleiro delegado da área de Cultura e Normalización Lingüística.

3º) Roga que os diferentes equipos de fútbol de Sada teñan as mesmas posibilidades para poder adestrar dentro do termo municipal, con especial referencia o Racing.

Intervén para os efectos a sra. Mouriño Neira, concelleira delegada da área de Deporte, Educación e Xuventude, e tamén o presidente, sr. Portela Fernández.

4º) Felicita a pronta actuación efectuada perante a Xunta con respecto dun rogo que fixeran para a posta en marcha do protocolo con respecto do problema dos xabarís.

O sr. Blanco González (UPSA), logo dunha intervención por alusións na pregunta sobre a piscina municipal do sr. Graña, formula as seguintes preguntas:

1ª) Pregunta á sra. Mouriño Neira se hai un prezo público novo e único aprobado para as actividades en todas as parroquias.

Contesta a sra. Mouriño Neira, concelleira delegada da área de Deporte, Educación e Xuventude.

2ª) En relación coa anterior, pregunta a que é debida a suba das actividades que antes eran menos custosas cando agora pasan a ser todas (as tres) de 12 euros.

Contesta a sra. Mouriño Neira, concelleira delegada da área de Deporte, Educación e Xuventude.

3ª) Pregunta con relación á piscina municipal se neste momento o balance económico é positivo ou negativo, facendo relación á xestión do goberno local anterior.

Contestan a sra. Mouriño Neira, concelleira delegada da área de Deporte, Educación e Xuventude, e o presidente, sr. Portela Fernández.

4ª) Pregúntalle o presidente se coñece se se está a cumprir o convenio neste momento na instalación (da piscina municipal) que está xestionada polo concello.

Contesta o presidente, sr. Portela Fernández.

A sra. Nogareda Marzoa (UPSA) alude ao exposto antes polo sr. España López (PP) con respecto do *módulo multideporte de Mondego* e dentro dunha ampla exposición pregunta se se ha sacar adiante.

Contesta o presidente, sr. Portela Fernández.

Seguidamente, a sra. Nogareda, logo dunha exposición que fai sobre a contratación da obra da senda peonil de Veigue e por alusións á xestión do goberno anterior fai tamén os seguintes rogos:

1º) Roga que se faga por que o administrado non sufra os erros da Administración.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2023/G010/000015

2º) Roga que non se falte á verdade nas noticias que se publican nos medios.

3º) Felicita ao sr. Villar López con relación ao que expuxera e entender o funcionamento da cita previa.

Prodúcese un debate no que interveñen tamén o presidente, sr. Portela; o sr. Villar López, concelleiro delegado da área de Cultura e Normalización Lingüística; e o sr. Fariña Andrade, concelleiro delegado da área de Obras e Servizos e Medio Ambiente.

Intervén tamén o sr. España López, por unha cuestión que di de orde con relación a este particular debate entre os novos e os antigos responsables de goberno.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 21 horas e 57 minutos do día xoves 26 de outubro do 2023, do que como secretaria dou fe e certifico, asinando dixitalmente esta acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unido o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html.